





*XX*  
*Certame*  
*Literario*

*Concello de Paradela*

**Premios poesía e narrativa**

*Manuel-Oreste  
Rodríguez-López*

Esta achega ao libro do ano 2015, ten un carácter extraordinario, ao coincidir unha serie de datas con feitos que acreditan a realidade que está a vivir a obra de Manuel O. Rodríguez López.

Cumpríronse oitenta anos do seu nacemento (11-12-1934), en Randalufe (lugar feito eufonía), detalle non menor, encanto á personalidade do autor, e tamén ca obra que leva o seu nome, que transcorre fiel e firme aos seus valores persoais e ás ensinanzas que alumou na súa corta estancia entre nós. Fóisenos da mesma maneira que se conducía pola vida, sen ruído, ou sexa con “eufonía”, e co exemplo de dozura que transmitía dende ese espírito de home bo e xeneroso.

Finou con cincuenta e cinco anos, o (13-12-1990), cúmprese entón vinte e cinco anos do seu pasamento. O seu “cantar”, segue agrandándose día a día, cada vez chegando máis lonxe, sendo un referente no mundo literario, así o acreditan os concursantes de moitas e diversas nacións que acoden ao seu CERTAME.

Cúmprese outra das súas profecías “*por oxe deixote xaniño, pero coida que áinda non rematou o meu cantar*” ou tamén “*igual-o meu esprito/outro vento, outro sol/, murcho ou con brillo/ zoando ou calado/ está sempre contigo/*”.

Dende a súa actividade de articulista-periodista, son milleiros os relatos que nos deixou, como testemuñas do seu bo facer tamén nesta faceta.

¿Quén sabe as pedras que compoñen a Igrexa fortaleza de San Nicolás de Portomarín, trasladada das riveiras do Miño ao monte do Cristo?, di o escritor: “asombrámonos que a fábrica da igrexa componse de catorce

# *Manuel O. Rodríguez López*

## **XX Aniversario do Certame Rodríguez López**

---

mil pezas de cantería". Diario das Primeiras Xornadas de Estudios Históricos da Deputación de Lugo, no Camiño de Santiago.

Nesta vinte edición, concorreron 577 obras, 295 en poesía e 282 en narrativa, todas elas de gran calidad, véndose o jurado obrigado a ou-torgar varios accésits. É de destacar que o gañador de poesía é un ciudadán cubano D. Luis Lexandel Pita García, e en narrativa D. David D. Vázquez Alvarez un Ourensán, os nosos parabéns a todos os galardoados por ter acadado estes premios. Co agradecemento mais sincero por axudarnos a seguir no BO CAMIÑO, de honrar a figura do noso FILLO PREDILECTO, sendo fieis ao seu ideario de espallar a cultura, poñéndoal a disposición de todas as persoas e así axudarase a mellorar a sociedade.

Vinte aniversario do Certame 1995-2015, milleiros de escritores participando, con vinte libros publicados, éxito non só na cantidade de participantes senón que sobresaen a calidade, eu invito a que se acheguen a obra publicada, léndoal e reléndoal, coincidirán conigo, e poderán ache-garse a "cento dezanove obras publicadas", que viron a luz dende este hu-milde Concello.

Gracias ao equipo que forman a familia de Manolo, Galicia Dixital-Xulio e Antonio Xiz a cabeza, e os demais membros do Xurado que fan pos-sible este MILAGRE, coa colaboración da Xunta de Galicia, da Deputación de Lugo, e o Concello de Lugo. A todos gracias, por axudarnos é unha honra contar con tantos e tantos vos amigos.

José Manuel Mato Díaz  
Alcalde do Concello de Paradela

# *Os Certames de Paradela:*

---

Dentro dos diversos actos programados para a celebración do vintecinco aniversario do pasamento de Manolo, destaca a conmemoración dos 20 primeiros anos do feliz nacemento e da progresiva e ascendente vitalidade posterior dos “*Certames literarios de Poesía e Narrativa*” de Paradela. Coñecidos e valorados polo inmenso mundo da literatura de fala hispana. España e Hispanoamérica! Desde o principio, foron a “estrela” (“a nena mimada”) entre as distintas actividades programadas en torno á vida e obras do *Poeta Manuel Oreste Rodríguez López*, nado no Concello rural de Paradela (Lugo) que o nomeu seu *Fillo Predilecto*. Polo que supón e significa, no eido da literatura, dispor dun canle e unha plataforma que brínde e facilite oportunidades e medios para manifestar sentimentos e ideaís das persoas, apaixoadas pola poesía e/ou a narrativa, valen a pena todos os esforzos e loitas. Os froitos están á vista! Asombrosos! E iso hai que recoñecelo, agradececlo e celebrelo! O que estamos a facer, cada ano, e imos facer tamén hoxe nesta sinxela pero fermosa xutanza.

Para iso estamos aquí, esta tarde/noite, o grupo de amigos participantes incondicionais nestas datas do Nadal, na festa da *entrega de premios* aos galardoados de cada ano (Felicidades e parabens aos premiados neste ano!) Este é moi especial xa que imos cumplir os 20 desde o comezo dos Certames. Somos, por tanto, uns mozos, xoves e robustos! Coma o propio Certame de Paradela, xa consolidado, ben cimentado e con moito futuro.

Todo iso é froito do esforzo e do entusiasmo persoal e colectivo de varios grupos de persoas (moitas delas desde o labor calado e silencioso) ás que queremos agasallar dun xeito simbólico e agarimoso. (Agasallar é un xeito de agradecer!) Non haberá trofeos, placas ou títulos. Só “*recoñecemento e gratitud!*” O noso aplauso vai ser intenso, interno, desde o noso corazón, para os que están na sala e para os ausentes, que son a inmensa maioría.

## **Breve apunte das persoas e grupos agasallados**

- *A Familia do Poeta*: (a maioría, presente): A viúva de Manolo (Irene) e os fillos (Enrique e Santi, coa súa dona Mary) xunto con Carlos, neto do Poeta, un virtuoso do violín e piano e o xa animador desta festa. Tamén ao resto da familia de Manolo.
- *O Alcalde de Paradela (Xosé Manuel Mato)* e as *corporacións municipais* de todas as cores e tempos. Desde o principio, unánimemente foi, foron e son (aínda hoxe en día) o verdadeiro motor do que estamos a vivir agora.
- *O Grupo dos iniciadores: Xulio Xiz, Santi Rodríguez, X. Manuel e Xesús Mato*. Aínda hoxe non sabemos de quen foi a idea (eu non podería xuralo) pero os catro (somos moi soñadores e algo quixotes!) sí que asumimos e bendicimos a idea (ano 1995!). Os catro, con certa experiencia nestas loitas, elaboramos as bases, publicitamos a idea, contactamos con xente do mundo da Cultura, fomos (seguimos a ser!) membros do Xurado nas vinte edicións... *Xulio Xiz*, funcionario e periodista, ademais de experto en creación de grupos, asociacións e certames (Vilalba, Begonte, Semana de Cine-Lugo...) é o presentador desta festa, de por vida. *Santiago Rodríguez* (Santi, fillo do Poeta) gran investigador científico (vive en Bristol, coa mente e corazón en Galiza) detallista e despertador puntual do Grupo; e *Xesús Mato*, natural da Zona (veciño), crego e animador socio/cultural tentando arrexuntar

# *Noso pasaporte para ao Mundo*

*Por Xesús Mato*

---

poetas, músicos, artistas e o que se tercie. Os catro participamos, en todo, desde o principio... e seguimos!

- *Os verdadeiros protagonistas: os participantes nos 20 Certames de Poesía e Narrativa celebrados.* Rebosaron todas as previsíons. Cóntanse por miles. A maioría, de España, con notable participación de Galiza e de América do Sur. Os premiados (dous por ano, Poesía e Narrativa) foron 40 e desde hai uns anos houbo que engadir *accésits e mencións de honra* dada a cantidade e calidade das obras. Con temas serios, de actualidade e tipo social social e humano. O premio máis considerado e agradecido para un poeta e/ou un escritor consiste en ter publicada a súa obra.
- *Os Funcionarios e personal laboral do Concello de Paradela.* Un numeroso grupo de persoas sínxelas e traballadoras, na sombra e en silencio, foron e son os verdadeiros artífices e artesáns do enorme material acumulado do que vimos de afirmar no apartado anterior. Antes, (miles de fotocopias papel) e agora (telemáticamente). E de toda a trama organizativa do envío/recepción/selección dos participantes de todo o Mundo de fala hispana. Traballo, non remunerado económicoamente, pero feito con efectividade e cariño. Desde o comezo (1995) colaboraron sete secretarios (5 mulleres e 2 homes) e 18 funcionarios e persoal laboral (12 mulleres e 6 homes) 25 persoas. Perante 20 anos. Teñen nome e apelidos e todos sabemos quen son e onde están coa súa actitude de servizo. Están escritos no ceo galego dos *bos e xenerosos*.
- *Profesores e alumnos do C.E.I.P San Miguel de Paradela.* Colaboraron desde o principio. Profesores e alumnos. Cando áinda eran moitos e agora cando están reducidos ao mínimo. Escenificaron obras teatrais e textos da inmensa obra do seu/noso Poeta de Paradela. Coñecen parte da súa obra e saben moitas cousas da súa vida.
- *Os Grupos e cantautores musicais e artistas de todo tipo.* Os que se sumaron a esta festa para honrar aos galardoados e acompañantes. Os alumnos/as do Colexio San Miguel, A Quenlla, Mini e Mero, Xosé Manuel Carballo (crego, escritor, ilusionista), Alfredo González, Xosé Lois Foxo, M<sup>a</sup> Castaña, Os Xubilosos de Castro do Rei, O Bordelo e Adaira da Costa de Lugo (Francisco Piñeiro) O Brindeiro da Montaña (O Ribeira de Louzarela) e outros. Nas últimas edicións pechou o acto de entrega, con música clásica ao violín, o neto do Poeta, Carlos Rodríguez.
- *A colección dos 20 libros que levan de portada o número de cada ano.* Portada: **Certame Literario. Concello de Paradela (premios poesía e narrativa) Manuuel Oreste Rodríguez López** Dentro: O texto completo de todas as obras premiadas, as biografías dos seus autores (coa súa vida/obras) e todo isto precedido dun saúdo do alcalde, a lectura das bases e o fallo do xurado. Sobresaen, pola súa calidade e fondura, os “especiais prólogos”, elaborados, cada ano, por personaxes significados do mundo da cultura. Tamén o libro foi mellorado segundo ía medrando.
- *Finalmente: os bos e xenerosos patrocinadores que, pouco a pouco, se foron sumando ao Concello de Paradela, comezando polo de Lugo (cidade) a Deputación e a Xunta de Galiza.*

A obra está ben asentada. Un bo Presente anuncia un mellor Futuro.

# O Proxecto Manuel

Hai xa tres anos, GaliciaDigital puxo en marcha unha campaña de difusión da vida e obra de Manuel Rodríguez López, para dar a coñecer axeitadamente o traballo deste autor, a súa ampla obra literaria, o amor pola súa terra, e o vencello por el establecido entre a súa terra natal de Paradela (e, en xeral, Galicia) cos galegos emigrantes en Cataluña.

A primeira acción da campaña consistiu na **creación do portal web** [www.manuelrodriguezlopez.org](http://www.manuelrodriguezlopez.org), unha das más completas webs que teña un escritor galego, que recolle a súa obra completa e a información máis salientable da súa existencia, en catro idiomas: castelán, galego, inglés e catalán.

Tres anos despois, esta web recibe máis de **3.000 visitas mensuais**. É dicir, unhas **100 persoas cada díás** entran nesta plataforma para descubrir ou coñecer mellor a Manuel Rodríguez López.

Veu despois a **Exposición Itinerante** sobre a vida e obra de Manuel Rodríguez, formada por 16 paneis informativos (pode ser vista integramente na web). Esta exposición púxose en marcha en Paradela, en agosto de 2013, para ir despois a Lugo (coincidindo co San Froilán) e Begonte (Nadal). Xa en 2014, continuamos en Sarria, Portomarín, Santiago de Compostela (Museo de Pobo Galego), Vilalba, A Coruña (Biblioteca Nodal) e no Centro Galego de Barcelona.



# Rodríguez López

Por Antonio Giz

No ano 2015, a exposición estivo en Ourense, Ponteceso, Guitiriz, Meira, Ferrol e Pon-  
tevedra. E repetiu visita en Lugo, Paradela e Santiago de Compostela.

Quizais a lugar máis destacado que visitou a exposición durante este ano foi a **Casa de Galicia en Madrid**, porque dese xeito conseguimos novamente traspasar as nosas fron-  
teiras e levar a mensaxe da Manolo Rodríguez á capital de España.

Por outra banda, vimos de publicar recentemente na web do proxecto un **especial que conmemora os 25 anos do pasamento de Manolo**, no que máis de 50 persoeiros das  
letras galegas falan sobre el, e lembran a súa figura.

Tres anos despois da súa  
posta en marcha, o proxecto  
Manuel Rodríguez López se-  
mella ter cumplido moitos  
dos seus obxectivos, pero  
iso non significa que estea  
preto do seu final. No **ano 2016**, a exposición itinerante  
percorrerá diversos Centros  
Galegos por toda España, e  
dará un paso definitivo na  
súa difusión chegando a Portu-  
gal. Neste ano tamén pu-  
blicaremos o especial 25  
aniversario en papel. E de  
seguro chegarán algunas sorpresas que farán ainda máis grande este proxecto.



Compre lembrar sempre que este proxecto sería imposible de levar a cabo sen a colab-  
oración da Familia de Manuel Rodríguez López, e a impulsión do Concello de Paradela  
e os apoios da Deputación Provincial de Lugo (Vicepresidencia Primeira), Real Acad-  
emia Galega, e da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e  
da Secretaría Xeral de Cultura.

O noso especial agradecemento vai para Xesús Mato, Xosé Manuel Mato, Xesús Alonso  
Montero e Valentín García, por todo o que fixeron polo proxecto Manuel Rodríguez López.

Antonio Giz  
Director de Galicia Dixital

# Bases da XX Edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López

---

O Concello de Paradela, co afán de potenciar a creación literaria, convoca o XX Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López. Modalidade: narrativa e poesía.

## PRIMEIRA.- Participantes.

Poderán concorrer anualmente ao Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López, todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, admitíndose una soa obra por categoría e autor.

## SEGUNDA.- Requisitos das obras.

Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo. As obras de poesía terán unha extensión máxima de 100 versos.

En ambos casos, mecanografiadas (ou a ordenador) e a dobre espazo.

Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán, debendo estar rematadas con carácter previo á convocatoria.

## TERCEIRA.- Presentación das obras.

O prazo de entrega dos relatos e da obra poética iniciase o día un de outubro de 2014 e rematará o trinta de novembro de dous mil catorce.

As obras enviaranse por sextuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema, ao seguinte enderezo:

**CONCELLO DE PARADELA**  
**Certame literario**  
**(Modalidade Poesía/Narrativa)**  
**Rúa Cabaleiros de Santiago, nº 15**  
**27611 Paradela-Lugo**

En sobre aparte e pechado, constará o lema que distinga o traballo, e no interior o nome e apelidos do autor/a, domicilio, teléfono, poboación de residencia, declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda. Abriranse soamente os sobres dos traballos premiados.

No caso de que as obras se remitan mediante correo electrónico, á conta [concello.paradela@eidolocales.es](mailto:concello.paradela@eidolocales.es), deberán enviarse no mesmo correo electrónico, dous arquivos en formato PDF, un co contido da obra e outro onde constará o lema que distinga o traballo, no que conterá, no seu interior, o nome e apelidos do autor/a, domicilio, teléfono, poboación de residencia, e declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda.

Os arquivos PDF referenciaranse do seguinte xeito:

- Datos persoais ou plica.
- Título da obra.

Este segundo arquivo será custodiado pola Secretaría do Concello, entregando unicamente ao Xurado a obra e o lema da mesma.

# Modalidade: Narrativa e Poesía

---

No caso de participación en ambos apartados; deberase concursar en cada modalidade por separado, utilizando un lema propio en cada caso e presentando a obra por separado.

Conforme ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de forma confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Paradela relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizarlos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calqueira momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

## CUARTA.- Premios.

Establécese un Premio de seiscientos euros (600,00€) para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de *poesía* e outro de seiscientos euros (600,00€) para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de *narrativa*.

O xurado reservase a facultade de conceder dous accesits (carentes de dotación económica), en cada categoría, asemade poderá conceder tres mencions de honra como máximo (carentes de dotación económica) en cada categoría.

O autor ou autores premiados convocaranse ao acto de entrega de premios, o día que estableza o xurado.

## QUINTA.- Fallo do Xurado.

O Xurado designado polo Concello de Paradela emitirá o seu fallo no mes de maio de 2015 e farase público polos medios de comunicación e na paxina do web do concello [www.paradela.es](http://www.paradela.es) e [www.concelloparadela.es](http://www.concelloparadela.es); comunicándose persoalmente aos gañadores.

O Xurado pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados; e a súa decisión será inapelable.

## SEXTA.- Dereitos sobre as obras presentadas.

O Concello de Paradela resérvase, en exclusiva, o dereito de edición das obras premiadas e accesits durante o prazo máximo de doce meses, contados dende o momento do fallo.

As obras non premiadas, así como as súas correspondentes plicas, non serán devoltas, sendo destruídas despois da proclamación de gañadores do certame literario Manuel Oreste Rodríguez López- XX Edición.

## SÉTIMA.- Prerrogativas.

A resolución de todas as cuestións que poidan xurdir ou formularse nesta convocatoria son de exclusiva competencia do Concello de Paradela e do Xurado.

# Acta do Fallo

---

Reunidos no Salón de Sesións do Excmo. Concello de Paradela, sendo as doce horas e vinte minutos do día vinte e un de maio de dous mil quince, o xurado formado polos Señores D. José Manuel Mato Díaz, Alcalde do Concello de Paradela como Presidente; D. Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia; Dª. Marina Gueimunde González (Xefa Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria); D. Santiago Rodríguez López (Fillo do homenaxeado); D. Xesús Mato Mato (Crego e musicólogo); D. Xulio Xiz Ramil (escritor e xornalista); e D. Xavier Rodríguez Barrio (poeta) como vogais; e D. José López González, Secretario-Interventor do Concello de Paradela, que da fe do acto.

Constituise o xurado en forma e coa ausencia de D. Valentín García Gómez, Dª. Marina Gueimunde González, D. Xavier Rodríguez Barrio e D. Santiago Rodríguez López que delegaron e remitiron as súas valoracións nos membros do xurado que asisten ao acto.

Nesta edición presentáronse cincocentas setenta e sete (577) obras, das cales dúascentas noventa e cinco (295) corresponden á categoría de poesía e dúascentas oitenta e dúas (282) á de narrativa.

Resaltar o feito de que só cincuenta e cinco (55) obras foron remitidas a través de correo postal, polo que as restantes cincocentas vinte e dúas (522) foron presentadas a través de medios telemáticos. Tamén se ha de significar que só cincuenta (50) obras foron presentadas en lingua galega, debido en gran parte, a que moitos dos autores proceden de Sudamérica e de todas as partes de España.

Foi retirada unha obra de poesía a instancia do autor, polo que se someteron ao exame do Xurado, cincocentas setenta e seis (576) obras.

Asemade os membros do Xurado destacan a enorme calidade dos traballos, así como a súa temática.

A continuación o xurado procedeu a calificar as obras presentadas e atopadas conforme as bases no seu día aprobadas.

O xurado por unanimidade dos membros presentes, acorda:

# da XX Edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López

---

**PRIMEIRO.-** Outorgar o premio de **POESÍA**, á obra presentada baixo o lema e título **EL CABALLERO DE LAS BOTAS AZULES**. Aberto o sobre comprobase que a obra pertence a **Don Luis Lexandanel Pita García**, de Matanzas - Cuba.

Asimesmo, o Xurado acorda outorgar dous Accésit no apartado de **POESÍA**.

-**Primeiro Accésit**, baixo o lema e título **DESCULPAS**. Aberto o sobre comprobase que a obra pertence a **Don Rafael Catoira Rey**, de A Coruña.

- **Segundo Accésit**, á obra presentada baixo o lema **Sullivan** e co título **LA SOLEDAD DE LOS PORTALES**, cuxo autor é **Don Miguel Paz Cabanas**, de León.

As mencións de Honra recaeron, na obra titulada **UNICORNIO NO FAIADO. Canción para cabalgar un neno lúas nos campos do sangue**, baixo o lema **Prístinos torrentes**, cuxo autor é **Don Paulino Peña Alvarez** de Ourense e a obra baixo o pseudónimo **María** e título **TODOS OS TEMPOS DE SOLSTICIO** pertencendo a **Dona Eli Ríos** de A Coruña.

**SEGUNDO.-** Outorgar o premio de **NARRATIVA**, á obra presentada baixo o lema **Desdofarelos** e título **O MAPA DAS MIL CORES**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **Don David Daniel Vázquez Alvarez**, de Arcos de Valdeorras -Vilamartín (Ourense).

Asemesmo, o Xurado acorda outorgar dous Accésits no apartado de **NARRATIVA**.

**Primeiro Accésit**, á obra presentada baixo o lema e título **A LÚA E O MAR**, compróbase que o seu autor é **Don Rafael Catoira Rey**, de A Coruña.

**Segundo Accésit**, á obra presentada baixo o pseudónimo **Plumilla**, co título **MOLINOS DE VIENTO**, sendo a súa autora **Ana Pinar Vélez** de Madrid.

As dúas mencións de Honra recaeron na obra baixo o título **I.H.E.** cuxo autor é **Ramón Noche** de Lugo e a obra baixo o lema **Setarcos** e título **EL INSTINTO DEL CALAMAR**, pertencendo a **Ginés Mulero Caparros** de Viladecans (Barcelona).

E para constancia do tratado, levántase a presente acta por sextuplicado exemplar, que é asinado por todos os membros, en Paradela na data arriba indicada, sendo as trece horas e quince minutos, do que eu, como Secretario dou fe.

# Premio Poesía

---



## LUIS LEXANDEL PITA GARCÍA (Colón 1972)

Premio Bustarviejo, Madrid 2000. Premio Nacional América Bobia, Matanzas. Premio Internacional Nos-side Caribe, La Habana 2002. Premio Nacional Alcorta, Pinar del Río, 2005. Premio Nacional Fidelia, Bayamo2007. Premio Regino Pedroso, La Habana 2008. Premio Nacional Hermano Loynaz, Pinar de Río, 2009. Premio internacional Gertrudis Gómez Avellaneda, Sevilla, España, 2010. Premio Nacional José María Heredia, Santiago de Cuba, 2010. Premio Internacional Gertrudis Gómez de Avellaneda, Sevilla, España, 2010. Premio Internacional José María Valverde, Barcelona, España, 2012. Premio internacional de Poesía Casas Regionales de Alcobendas, 3 premio, Alcobendas, España, 2012. Premio internacional, Julia Guerra de poesía social, Algeciras, España, 2013. Premio Internacional de poesía Feria de Zafarraya, 1 premio, Ayuntamiento de Zafarraya, Granada, España, 2014. Premio Internacional David Mejía Velilla, Mención especial, Universidad de La Sabana, Colombia, 2014. Premio del XIV Certamen Poético “Ramón de Campoamor” de Navia, 2015.

### LIBROS PUBLICADOS.

Oficios para el olvido. Ediciones Vigía 2000. Delirios del Escriba Ediciones Matanzas, 2002. Diálogo en Soledad, Ediciones Almargen 2005. Ritos de la Primavera, Ediciones Orto 2006. Hijos del Tiempo, Ediciones Bayamo, 2007. Mapas del Polvo, Ediciones Matanzas, 2009. Letanías de la tierra Muerta. Ediciones Hermanos Loynaz, Pinar del Río, 2011. Falsas Maniobras, Ediciones Caserón Santiago de Cuba 2013.

# *El caballero de las botas azules*

*Luis Lexandel Pita García*

---

## **Como aquellas cosas que parecen la vida**

*De Manuel Oreste Rodríguez López*

*Sierra de Collserola, Barcelona, 6 de octubre de 1980.*

Lo he visto hoy como tantas veces,  
doblegado cual hoja seca,  
a la sombra de su silencio.  
Pareciera pájaro inmóvil en el gris camino  
hacia; nuestra lejana Galicia,  
patria que en sueños nombra para la eternidad.  
Lo miro para saber desde el silencio  
oscuro arde su corazón.  
Su rostro puede saberlo todo,  
cualquier historia bajo la luz,  
recuerdos, aventuras en el más endeble  
temblor de la amistad.  
Pareciera un dios inclinado ante mí,  
tierno como un espanto de amor.  
Libre de aquellas cosas que parecen la vida,  
hoy tendido como bestia cansada  
y soñolienta miro sus ojos  
como al sol de otoño, como el más fiero  
de los animales o el más noble de los hombres.  
Oscuro, pálido y polvoriento día es hoy  
y yo lo observo al filo de su voz  
cuando en lo más alto vuela el viejo águila  
aquel, el que siempre me habló  
en mi niñez, hermano junto a la noche  
y la locura que nos nubla el rostro.

**Como los lentos años entre las manos**

*Paseo de Gracia, Distrito del Ensanche, Barcelona, 23 de junio de 1985.*

El movimiento de la gente en la noche de Barcelona,  
es el dibujo en el horizonte después de varios años  
de ausencia de su querida Lugo.

Todo es un silencio grave parecido al olvido  
que nubla los ojos y quiebra la garganta en esas voces  
guardadas como una tibia sábana dejando en cada  
paso una lágrima.

Manuel Rodríguez López espera la lluvia, la locura desmedida de guardar  
un rostro en el corazón de las palabras.

Todo es la tristeza, la soledad y la muerte,  
la imagen que no reconoce ante el espejo oscuro de los años.  
¿Si no encontrara en su larga travesía la ausencia  
de los hombres y lugares?

¿Si maldijera esta soledad que le devora la vida?  
Nada tan lejos como aquel dibujo en el horizonte,  
donde Galicia es, esas lágrimas de dolor inmenso,  
que corren por la cara como una puñalada.

El tiempo es inacabable cuando los recuerdos indefensos  
de esta multitud atraviesan el mar para ser borrados  
en la ausencia de los hombres.

Manuel Rodríguez López ve a lo lejos una luz que acaba  
de encenderse, se acerca a la ventana y mira  
la noche, mientras piensa que ya son muchos  
las primaveras que lo separan de su patria.

No hay nadie a su alrededor y ya no escucha  
voices humanas, solo el canto de las cigarras.

En el suelo alumbrado por la luna encuentra un libro,  
lo toma y piensa que atrás quedó su vida,  
la que ya no importa.

Manuel Rodríguez cierra los ojos pues parece querer llorar,  
y emprende el camino a su habitación.

Y si esta ciudad fuera Lugo, se pregunta  
esperanzado mientras una lágrima con la misma  
dulzura lentísima de estos años cae entre sus manos.

**Escribiendo lentamente la palabra lluvia**

*Paradela, 4 de agosto de 1986.*

La lluvia, desnuda, tensa, herida,  
comienza a renunciar a los espacios  
habitados de la ciudad.

Manuel Rodríguez López la mira y una premura  
mayor que su alegría le vuelve  
al cuerpo como la eternidad que Dios  
le diera frente al espejo donde  
un día quiso escribir A Atlántida.

La lluvia pudiera ser una mariposa fúnebre  
del pasado como único árbol  
donde vibrarían los recuerdos.

Él será ese universo mudo, avecilla  
que se lanza a la dulce marea de las nubes  
para incender el cielo lejano de otros rostros  
ocultos que le miran al él.

Si el silencio fuera la verdad más dulce  
de esa Galicia cercana, pregunta el poeta  
y no ve que más allá todo cambia como cambia  
el viento los colores de la ausencia.

La lluvia es eternamente luz, le dice Santiago  
desde el fondo del cuarto, él también  
es un niño inocente que ha venido  
a habitar estas pálidas ventanas.

Manuel Rodríguez López le mira y no hace más que sonreír.

Si Santiago comprendiera el corazón  
callado que le deja en el agua  
cuando corre lentamente por entre  
el silencio de la ciudad.

Pero prefiere callar hundiendo sus manos  
donde antes estuvo el polvo y con la furia  
tranquila que ya es la muerte de este aguacero  
escribe lentamente la palabra lluvia.

# *Accesit*

# *Poesía*

---



## **RAFAEL CATOIRA REY**

Nacín na aldea de Laxe, no municipio de Culleredo (A Coruña) Dediqueime á actividade empresarial no sector da construcción. Apartado da actividade laboral, escribir é o meu refuxio e a miña paixón.

Gañei o Segundo premio na edición nº 39 do Certame Literario do Concello de Vilalba (Lugo). Teño editado o libro de poemas *Navegando cara a Ítaca*.

# *Desculpas*

*Rafael Catoira Rey*

---

Coido que debo unha desculpa á vida, mesmo un muíño de vento  
que non se atopa, ou aire circular que se envelena,  
tal vez sexo tráxico que afoga a emoción.

Todo isto e moito máis que non nomeo para non baleirar a memoria  
de toda a roupa que colga disposta a ser usada.

As árbores co seu anoxo rodando entre as gallas,  
o vento absorto nas tempestades de seu,  
a herba co seu cantar entre as febras que anuncia os ríos,  
os amences resos co advento limpo,  
a natureza no translúcido do que se revela. Ao cabo.  
Todo o magma contido no espírito do átomo mínimo.  
Todo o que absorbe o coñecemento do ser na experiencia  
dan fe deste feito e recomezo neste latexar sutil  
que debe á súa propia inmensidaxe a perspectiva.

Escoitar: Nada teño entre as mans que deba aos ferrollos  
desta fonte evitar o seu manar decontino,  
teño comigo a luzada deste mangado de pingas e esta melodía cálida,  
prata líquida diluíndose en ourivaría branda, resoa nos meus oídos  
e ademais sinto como se reflicte a madeira no seu bálsamo  
e na súa medida de árbore  
e sei que aí retén a dimensión exacta dos confíns  
e debúxase a sombra con perfil de cabalo autentico e galopar quedo.  
Vou dicírvolo.

Os ollos teñen brancos báculos para percorrer  
as cortinas da néboa co seu peso grave e dispendio claro  
que cega o chumbo de pedra dos faros  
na crista dos cantís, e alí, sobre o abismo, ábrese a ampla mirada  
dos ollos nese horizonte exacto.

# *Accesit Poesía*

Porque como da alma, esta froita nada na alma do corpo,  
ou o corpo da memoria entre o amidón da carne,  
veñen dese afastado camiño unha gaivota coas ás como luceiro de xeada  
e un golfiño de lombo negro afiando o fondo escuro,  
aireando a auga negra de escuma branca coroada  
e ergiendo a aurora co dourado polen que cubre de mel a pátina dos días  
vese a fina pel das horas cos seus músculos entre osos  
que palpitán o estremecemento como un bater de escamas.

E así veñen. Veñen todas as vidas que do soño se destacan. Todas chegan.  
Todas veñen a recoller a roupa lavada, de limo no río,  
a súa roupa pasada o ferro como azulexo, a súa roupa de sol, herba e lapa,  
a súa mística cordura para engalanar os peitos  
entre os refuxios de cárceres óseas e oxidadas.

Veñen todos os corpos coas súas vidas.

Veñen do azul durmido na noite a polo azafrán da alba  
Ven a puída cinza dos regueiros a branquear a pálida lámina dos ríos  
Veñen as antigas lúas a lamber a pedra nova do novo día  
esquecendo as noites de nocturno sideral e frío.

Asombra como a abella saborea o prado nos seus froitos madurados  
e leva o néctar doado de dozura.

Asombra todo o que ainda é virxinal no asombro e está por descubrir  
e asombra o augurio do nacer coa súa consecuencia e empeño de vida.

E eu me pregunto:  
E esta vida de arestora que é e será en calquera lembranza  
que enfía o pasar dos días coa nostalxia que se estende pola memoria?  
Tan alleo o dano do que se perdeu e cheo de ausencia.  
Tal vez a vida cubre de cal os fungos grises do muro aquel.  
E esperta, esperta, aurora branca no nacer consecutivo.

E eu rodo, roda a vida, os pés esgotan os zapatos dos días.  
E rodan, rodamos  
Un Abril descalzo, con herba entre os dedos e un xasmín murcho  
cun botón de esperma amencido.

E rodan, rodamos, andamos na punta dos pés cos talóns de ferro,  
un xuño de ferro brando coloreado na fragua do marmeiro.  
e as bágoas de millo que o sol derrama no prado de verde murcho.  
E a eucaristía da ferida do sol, transsubstanciación de vermello zume,  
que anega o po das tardes de luz inacabable.

E rodamos, paso a paso, ampolas nos ollos e a pel rozada,  
quedos enxames mordidos polo corazón do sol que inaugura o frío  
do sangue.

Un voo de cinc que galvaniza o ceo de outubro  
para o levitar das follas no frío da xeadá.

E dime como roda e roda a vida e a súa caricia fría cando se fabrica o mofo  
para o corpo e xa vén a noite coa súa memoria, coa súa interminable desculpa,  
a súa memoria de invernos que axexan,  
e eu me desculpo, me desculpo desta vida que roda,  
desta roda que para no minuto que xira  
para ver o meu camiño como se demora cara aatrás,  
como se afasta coa miña roupa sen pasar o ferro, cos meus ósos de arpa  
e a miña alma de nube na tormenta do mar que se afasta, que se afasta  
e non me atopa.

E é que así, rodando, ardo no meu desexo de vida e esta brasa me fai  
e náceme de entre o peito  
e nela me perdo, perdo a miña vida entre as lembranzas  
que a memoria rexistra, e me desculpo,  
me desculpo se así vivo outra vez nos momentos enfiados no parálogo  
de vivir cara aatrás mentres que na nora o vento xira e xira,  
e agochado entre asa aspas o esquecemento refréscase de nacer  
e no transcorrer nazo.

# *Accesit* *Poesía*

---



## **MIGUEL PAZ CABANAS**

Miguel Paz Cabanas, cultiva géneros como el ensayo y el artículo periodístico (es columnista del Diario de León) , aunque ha sido en el campo de la novela (es autor de “El viaje del idiota” y “Los abedules enanos”, Premio Rafael González-Castell) y el relato donde ha obtenido numerosos primeros premios, como son, entre otros, el Ciudad de Cartagena, José Nogales, Villa de Navia, Colectivo Londres, Ciudad de Martos, Tertulia Guardense, Joaquín Lobato o Ciudad de Pu-piales (este último concedido por el Ministerio de Cultura de Colombia). Como poeta ha sido galardonado en el VI Certamen de Poesía Creadores por la Libertad y la Paz de la Fundación Alberto Jiménez-Becerril, XIII Certamen de Poesía Asociación de San Lorenzo y el VI Concurso de Poesía Casino Ferrolano. Es autor del libro de relatos “Ángeles, detectives y otros fracasados” (Ediciones Eolas) y del libro de poemas “Oración de la negra fiebre” (Ediciones Eolas).

# *La soledad de los portales*

*Miguel Paz Cabanas (Sullivan)*

---

Entonces los portales fríos y oscuros,  
como esas salas donde te sacan la sangre  
y cuando oía a mi padre  
llegar de noche,  
sus pasos turbios,  
sus manos pálidas,  
imaginaba que venía de ver,  
cansado y aterido,  
cosas terribles.

Las escaleras olían a lejía  
y en las puertas -las puertas viejas-  
había aldabas con puños de bronce,  
mirillas sin alma,  
rasguños tercos  
en la veta de los días.

El camión cisterna nos mojaba los zapatos  
y en las aceras  
donde rodaban las canicas,  
barro escondido en las uñas,  
pantalones cortos,  
rodillas tan blancas  
como manzanas caídas  
en la hierba segada.

Había olmos frente a los portales,  
puestos allí por una fuerza misteriosa,  
dibujados por la mano que hacía del mundo  
un lugar extraño,

# *Accesit Poesía*

copas frágiles y tiernas,  
como si el rumor de sus hojas,  
suspiro de carne,  
fuese una sábana  
tendida al sol.

Mis amigos corrían como solo                            se corre en la infancia,  
cuando todo está por ver,  
cuando se mezclan el pan y las sombras,  
y la muerte es una niña  
que suspira a tu lado,  
y se enrosca en un viento  
sola de pureza.

Las ventanas sin pájaros,  
jaulas y herrumbre,  
y las maletas de cartón  
parecían tan viejas  
como los mapas con islas.

## *La soledad de los portales*

Yo oía regresar a mi padre,  
grande y cansado,  
en la porfía de las cantinas,  
bajo una luz lúgubre,  
espalda de la noche,  
lentitud de la luna,  
llamaban a la puerta  
sus manos abatidas,  
su rostro sombrío,  
sus pasos eternos,  
e imaginaba,  
en la oscuridad de mi cuarto,  
que venía de ver,  
solo y aterido,  
cosas terribles.

*Miguel Paz Cabanas*

# Mención de Honra Poesía

---



## PAULINO PEÑA ÁLVAREZ

### Biografía

Nado en Moialde (Vilardevós-Ourense) en 1960. Mestre, Licenciado en Filoloxía Galega e Filosofía e Ciencias da Educación.

### Curriculum literario

#### Premios literarios:

Mención honorífica no *V Certame Agora Conto de Lugo* (abril-2004) polo relato “*A Compañía*”.

- 1º premio no IV Certame de poesía Anduriña Voandeira (2004) de Euskadi polo traballo titulado “*Porque sei de ti*”.
- 2º premio *V Certame de poesía Anduriña Voandeira* (2005), pola obra “*Fíreme amor de luz*”.
- 1º Premio no X Certame de Poesía Francisco Añón, coa obra “*Rodopíos no encoro*” (*Concello de Outes, maio de 2006*).
- 1º Premio no XI Certame de Poesía de Carral coa obra “*Gramática da afirmación*” (*Concello de Carral, maio de 2008*).
- 2º premio no II Certame de poesía M. Leiras Pulpeiro de Mondoñedo coa obra “*Nas dársenas de estío*” (*Concello de Mondoñedo, 9 novembro de 2013*).
- 3º Premio no III Certame de poesía en lingua galega “*Manuel María*” da Casa de Galicia en Gipuzkoa polo traballo “*Nas vívidas marxes*”, (maio de 2015).

# *Unicornio no faiado*

*Canción para cabalgar un neno lúas nos campos do sanguel*

*Paulino Peña Álvarez (lema: Prístinos torrentes)*

---

Erguerámonos noite aínda.  
Arre burriña branca,  
mira como clara vai a lúa acesa.  
As maos do vello  
eran térreos espellos,  
os dedos a prolongación  
dos raios do sol das meniñas  
que se cravan nos regos,  
eses ronseis que deixas  
íncrito mestre de amores ctónicos.  
A cabeza da vella  
era de fontes frescas,  
de xenerosos cántaros  
e fartas carabelas  
para ceifar estrelas  
nas magras carnes da miseria.  
As caras,  
o itinerario dos torrentes,  
a xeografía dos eidos  
  
que cicelaron na pel  
fondas canles  
de ríos de anos de amor e fel.  
As palabras,  
rosas que nacen para as bocas  
no ambón do peito,  
aves que voan  
dos labios de bévera  
para regalarnos afecto e historias tenras.

\*\*\*

## CAMPOS DE PAPOULAS

Rebentos de terra  
que palpitan nas olladas  
fascínio da luz  
e nácaras do orballo  
que pintou a cor do asombro

*Mención  
de  
Honra  
Poesía*

no camiño de Andamil,  
fíos dun tapiz infantil  
que levo nos ollos en que me contemplo.  
Era polo abrente  
cando chegamos alí.  
Agora a lúa  
regá cada noite este xardín.

\*\*\*

*"Quanto mais envelheço mais pueril é a luz  
mas essa vai comigo"*

Eugénio de Andrade

Teño por oficio de vida  
salvar dos abismos  
desvalidos plenilunios antigos.  
Nos brazos do sono, sobre o río,  
o meniño vai.  
No colo da auga, aterecido,  
o meniño vai.  
Téndolle a mao  
e digo:  
arrédate do cais.  
Téndoo ao sol.  
Enxuito,  
nos astros das pupilas  
revive o verao.

\*\*\*

Esta luz invicta  
viaxa comigo  
desde as marxes distantes  
dun regueiro antigo.  
Un halo ardente de poalla,  
que vén das fervenzas lonxincuas,

suspende        as asas        do tempo  
                  no colo da clepsidra.

E son un illeu  
que sobrevivo cada día  
aos naufraxios dos arquipélagos,

## *Unicornio no faiado*

*Canción para cabalgar un neno lúas nos campos do sangue*

son o delta das horas  
na corrente que me porta  
lambendo as insuas da vida.

\*\*\*

As efémeras bolboretas,  
que habitan a tona dos regos,  
irisan as augas  
cos incesantes instantes intensos  
da estrela vivida.  
Por iso gosto de mirarme  
no espello da ardora  
de imaxes brunidas.

\*\*\*

Confeso que vivo exiliado,  
arfando rúas  
sen páxaros  
nesta cidade triste.  
Inmerso nun estrondoso silencio

de serenas e bucinas desbocadas  
en horas de asfalto frío  
que me expulsaron das calendas  
de relva, terra tépeda e xisto.

Meus bens:

teño un unicornio de lúa antiga  
que entre as perfebas cabalgo,  
que mimo e alimento  
por un buratiño do faiado.  
Cando eu non poida acender a alba,  
abeberádeo meus meniños  
naquelas idosas maos,  
inherentes varcias de veludo impregnado  
en regos coma dedos  
afanados e extensos  
que eu estiven alí  
e vós vístesme a min.

# Mención de Honra Poesía

---



## ELI RÍOS

Nacín en Londres ao mesmo tempo que o punk rock pero, ao pouco tempo, regresei ás terras de Ordes onde me criei.

Despois de moitas voltas e reviravoltas decidín instalarme ao pé do castro de Elviña. Aquí agromaron os seguintes libros:

- *nós escouitando o badalo de marienplatz* (XII Premio de poesía Concello de Carral, 2009), Culleredo, Espiral maior, 2010.
- *rúa da cancela* (IV Premio de poesía erótica lilas Sisargas, 2009), Malpica. Caldeirón.
- *Maria*, 2013, O Figurante.
- *Anamnese*, 2014, Sotelo Blanco.
- *Diario de fotogramas*, 2014, Concello de Riveira.
- *Doe tanto a túa ausencia*. XVIII Certame Francisco Añón de Poesía 2014.
- *Café intenso*. I Premio de Poesía Rosalía de Castro de Padrón 2015.

No 2014 o relato Remexido de patacas leva o XL Premio Modesto Rodríguez Figueiredo

Colaboro como crítica literaria na revista dixital de crítica literaria feminista A Segá.

# *Todos os tempos de solsticio*

*Eli Ríos (lema: María)*

---

Non escoitaras o vento antes dos primeiros raios da alborada  
e xa sabías que hoxe o día sería distinto a todos os anteriores.  
Os mouros foxen cara os seus tobos deixando a maxia no aire  
mentres as últimas estrelas incendean as estradas adormecidas.  
As horas liman as distancias ausentes entre os tempos remotos  
nos que o fogo fagocita ferozmente aqueles destinos truncados  
para traelos da man ao camiño cheo de novos futuros marítimos  
onde as crises, miserias, guerras, paros, mortes e loitas intestinas  
arderán sen piedade entre asinxentes lapas da mesma cacharela.  
Alí, a canda ti, milleiros de anos conectados baixo os teus pés.  
Nos dedos o olor das sardiñas santificando o pan con cachelos  
esperando pola chegada das meigas a cabalo de soños infindos.  
As peixeiras dispóñenhas en filas para ti por riba dese xeo frío  
e non descubrimos a incógnita do divino e eternamente absurdo  
agora cando as madeiras saben baixo a lingua a todos os séculos,  
a fogos compartidos a través dos tempos, dos mares e dos días  
con persoas que non coñecemos e nin sabemos os seus nomes.  
O universo prega artes conxuradas desde Irlanda até Cabo Verde  
e, se pechas os ollos, case sentes baixo a pel os berros castrexos  
no cumio de Elviña prendendo xigantescos lumes purificadores  
ao pé das carqueixas e os toxos que recurtan facultades futuras  
mentres Sir Jonh Moore, á beira do regato espera, que Lady Esther  
recolla os estraloques, fiúnchos e herbiñas coa que lavarán as caras  
ao tempo que o sol nace preguizado desde as fiestras de San Carlos.  
Sintes posuíndote os milleiros de anos conectados baixo os teus pés  
nesta península na que hai que entrar de día para poder comprender  
o xenio co que Breogán distanciará as pantasmas dos bravos cantis  
e soprará brisas para que as fanecas alumeen as augas das Lapas.

Aínda é cedo para o amencer e xa roe a rúa o bule-bule da calma  
por volta dos Castros, de Monelos, de Someso cara os interiores  
da Agra, Santa Margarida, Eirís e Castrillón rompendo os diques

*Mención  
de  
Honra  
Poesía*

dos areais por onde nacerán os rebentos das muxicas que limpen as feridas coas que maltratamos os nosos presentes tan danados. E hoxe estás certo de que o día será distinto a todos os anteriores. O teu corpo reclama xa a chamada animal e salvaxe da Historia, a cidade respira ciclicamente os calores reflectidos polas galerías, o océano atlántico asubía con mimo os seus suaves sons de gala e Drake esperta as xentes da Peixaría e da Cidade Vella co vento entre o empedrado, os arcos de Santiago, Santa María e as tellas.

Atrapas nos pulmóns o aire dos afogados que nunca olvidamos. E as moreas de séculos conectados baixo os teus pés descalzos crean un día diferente no que a chamada primitiva do instinto te levará a repetir os camiños xa trillados por todos os outros que levas dentro e forman parte de ti como un puzzle perfecto.

Un sorriso avanza polo teu rostro até cambiar a cor do destino.

Enches o peito con orgullo porque hoxe é San Xoán na Coruña.

Nesta cidade, nesta noite na que as xentes son unha única persoa desde Palavea até as praias onde queimaremos esta madrugada ao carón das inmensas laparadas que convertirán a noite en día xogando divertidos a quebrar as regras dos mundos do Mais Alá.

- As nubes intúen a prestidixitación.

- E nós temos que ir traballar.

Quebro brutalmente o teu feitizo esmagando as ilusións do actual coas rutinas enredadas entre os compromisos salariais dos pagáns. Os teus pensamentos ensaríllanse no medio das algas enmeigadas no mesmo instante no que recolles a roupa da cadeira a modiño... Os movementos pausados non removen as partículas da habitación como se os segundos fosen horas interminables nesta curta esperia.

- Malaspina vía o lume sacro desde a súa cela en Santo Antón.

Mentres te afeitas coa auga morna levantando poeiras de vapor o espello reflicte a túa mirada perdida nas cartas oceanográficas escritas baixo a luz das candeas húmidas penduradas nos teitos das antigas prisión ancoradas no medio e medio desta enseada que acubilla os osíxenos dos muxes e o miar dos cen mil gatos. Alban Heruin entra en cada un dos teus poros reproducíndose viricamente nos sendeiros das células que te unen ao oculto mostrándochelo o poder solar que agochabas nos teus adentros.

- Saltarás comigo o Beltaine?

Pouso o café enriba do mantel de flores regalado por túa nai e presentéoche os ramos de loureiro que apañei onte para ti. Colócalos nas xanelas protexendo as entradas dos espíritos mentres esperas a resposta que sepultará as tebras dos males e pechará o círculo cos feitos consumados da luz devorando o lado escuro que desexamos destruir impoñendo claridades.

- Ás sete no Campo da Rata.

O solsticio de verán subscribe as actualizacións dos milleiros de anos que atravesan décadas preñes de Santas Compañías e exércitos napoleónicos conectados baixo as túas pegadas. Inventan na consciencia colectiva dun pobo un día especial no que a chamada primitiva do instinto reclama a apelación animal e salvaxe encirrada en corpos exhaustos de realidade.

As obrigas relaxadas cambalean no medio dos penetrantes recendos asimilados de cortizas, carballos e conglomerados que os mais novos apilan en montañas artificiais construídas sobre o piche, os formigóns e as pedras mais finas lambidas polas ondas do océano que xuntan á nosa memoria os restos do Casón, Egeo, Urquiola, Isla, Laura ou Blanca Quiroga

*Mención  
de  
Honra  
Poesía*

nesta celebración na que cada rincón da cidade transforma o individual nun sentimento único de raciocinio colectivo.

As rúas continúan o seu run-run entre tambores prehistóricos e tres minutos antes das sete os teu pasos descendan a Torre. Camiñas saboreando os rastros que deixan os zapatos atrás do voo das gaivotas sobre os penedos titánicos do Atlántico afiuzados cos encaixes da costa verdecente na que agroman as escumas fiadas cos bolillos erixidos en quimeras moi reais.

- Non estaba certo de que viñeras.

Silenciamos os beizos un contra o outro apagando versos e redescubrimos os roteiros dos campos da leña, da fariña. Perdémonos na profundidade dos sinos de Santo Domingos sentados na praza incólume das Bárbaras sen ovos que doar, aláfúfaros polos grans de millo que se desencadean da broa e se misturan coa tona das sardiñas e a xerra de viño branco, no canto onde dona Emilia lle da un tallo ao señor de Cebreiro antes de apousentarse coas memorias da pesca dos cardumes sobre os xeonlllos xa maiores para este clima onde a choiva, din os mais vellos do lugar, é un arte só entendido por nós.

E cae a noite anunciada coas cadencias ocas de María Pita portando estandartes polos descensos abruptos da Amargura. Os fogares quedan abandonados sen os donos que sinteticen o primeiro raio de luar que acampa en solitario polos tellados. Os partidos desconectan os televisores, os telediarios morren, as realidades escuras desaparecen baixo os pálpitos das luces.

As meigas percorren a distancia abismal sementada de almas  
até as Escravas autorizando un inicio comezado moito antes.

-Báñate conigo.

E cando as nove ondas de Riazor acariñan as miñas dedas  
comprendo o que estabas a sentir antes de abrir as contras.  
A música inunda todas as pistas do meu sistema nervioso  
espelando recendos de castiñeiro restaurados en brasas,  
faíscas de queimadas e habelas hailas na alba escuridade  
desta noite máxica abeirada nos acantilados sobrenaturais.  
E aparéanse no meu interior a forza dos séculos de Historia  
coa chamada case desgarradora das intuicións primixenias  
que recolectan os ritos de todos os antepasados que traió  
na memoria do noso adn inoculado coa morna tranquilidade  
de quen se percibe herdeira de todos os minutos e segundos  
dos pasados xa vividos e os futuros que áinda están por vir.

Admiro a praia pintada con fogueiras de fumes picassianos.  
Concibo o eu colosal construído entre xente que non coñezo e...


- Saltamos tres veces para que non nos morda cadela nin can?

Sorrís expurgando todos os demos que rillaban as nosas entrañas  
e deixamos que as estrelas nos guíen nesta lagoa da eternidade  
sabendo que ninguén se deita até a mañá na noite de San Xoán.

*Eli Ríos*

# Premio Narrativa

---



## DAVID D. VÁZQUEZ ÁLVAREZ

David D. Vázquez Álvarez nace o 6 de agosto de 1953 en Arcos de Valdeorras, concello de Vilamartín (Ourense). Realiza os seus estudos na Bañeza, Astorga e Ourense. É mestre de Ensino Primario, exercendo en Abanqueiro (Boiro), Porto do Son, Serra de Lóuzara, Samos, Vilamartín de Valdeorras e o Barco. Está xubilado na actualidade.

Desde moi novo comeza a escribir contos e poesía... narracións curtas, algunas das que se recollen no seu primeiro libro publicado pola A. P. Vagalume do Barco de Valdeorras: *O Ruliño Branco*.

Publicados por esta mesma Asociación Pedagógica escribe varios contos: *A Fuxida das Letras* e *O Atrapasanos de arame*.

Coa novela curta *O Laio da Serra* gaña o certame Xosé Saramago, convocado pola Asociación de Bibliotecas de Santiago de Compostela.

Publica varias novelas coa editorial Baía Edicións: *Orballo da mañana*, *Na solaina*, *Améndoas e flores silvestres*, *Ninguén nace Antetempo...*

Con Finisterrae Ed. coedita *Cartas desde Prisión* (en castelán), *Cafetería Alameda*, *O Aprendiz de druida*.

Coa editorial Letras de Autor: *Siempre en agosto* (en castelán).

# *O mapa das mil cores*

*David D. Vázquez Álvarez (lema: Desdeofarelos)*

---

Dona Lucía era a nova mestra daquela aldea perdida entre as montañas. Viñera de moi lonxe unha tarde de chuvia e vento, nun outono calquera a este fermoso val afastado.

O día que chegara coa súa cara de anxo asustado, o camiño estaba alfombrado con milleiros de follas de castiñeiro, que, co vento andaban a voar coma se toleasen co outono que asomaba tras as altas serras do leste.

O vello coche de liña trouxéraa desde Ourense e ficou por uns días na cantina, como facían todas as mestras novas que viñan para a aldea. Era a vella tenda da aldea na que se podía mercar un café negro, un caramelo, un quilo de azucré, unhas alpargatas, unha fouce...

—Por que sempre marcharían axiña? — Preguntábanse de cotío os rapaces que moi logo se encariñaban e despois... ¡sempre se ían para outro lugar...!

Dona Lucía era especial, co seu rostro de meniña, cos seus ollos saltóns e aquela vociña que más que falar, semellaba cantaruxar.

Por que as persoas maiores lle terían que decir dona, dona... coma ao crego, se áinda semellaba ser unha nena...?

Na escola mandara un traballo para a casa. Habería que debuxar un plano da aldea. Como casas había poucas, de contado se faría e quedaría tempo dабondo para, coma sempre, xogar...

Non foi así para o Bieito, que sentou na mesa de carballo da cociña da casa da súa nai e debuxou un fermoso plano co lapis que, lle mercara na feira da vila o seu ancián avó.

Que fachendoso estaba co seu lapis novo e coa goma que tiña na punta!

Ningún rapaz tivera un lapis con goma en toda a aldea de Parada... Non borraba con ela para non gastala. Íaselle un anaquiño da súa alma cando algún compaÑeiro lla pedía emprestada. Mais non era quen de decir que non...

— Vaia milagre! O Bieito está traballando nas causas da escola... Toleou! — dixera a súa nai, a María, cando o viu sentado na cadeira xunto da lareira de pedra que fixera o seu pai antes de marchar, ía xa para oito anos, a Alemaña ..

— Estou facendo un plano da nosa aldea que nolo mandou a mestra para mañá...

— Pero... un plano... para que, homiño...?

— Para aprender a debuxar, miña nai. Mira, esto é o río, esto o regueiro, estas as casas... — foille ensinando todo o que tiña no papel do caderno á súa nai

# Premio Narrativa

que non daba creto ao que vían os seus ollos... O Bieito facendo algo da escola! Debía estar soñando!

Era, o seu fillo, o home pequeno daquela casa solitaria. El apañaba a leña para o fogón, el ía aos recados, el sacaba o gando ao pasto nas tardes da primavera, el...

— A ver se imos ter un enxeñeiro na casa e non nos decatamos! – riu a muller mentres lle daba unha aperta contra o seu peito...

Debera de saírle moi ben porque recibiu as más sinceras felicitacións de mestra cando, por fin, despois de varios días e noites de traballo o levou para a escola envolto e ben atadiño cun fío de la vermella para que non se engurrase.

— Logo... fixéchelo ti so? – preguntáralle.

— Soñío, mestra. Ninguén me axudou.

— Pois está case perfecto. Eu se fose ti faríao nun papel máis grande e despois pintaríao con coidadío. Podémolo colocar na parede e ata nos vai servir para disimular a falla de cal. O señor alcalde non se debe lembrar que nola ía pintar – díxolle moi seria dona Lucía que, despois dun breve silencio continuou –. Ves como sabes facer as cousas cando che peta?

O pequeno Bieito agachou a cabeza con vergoña:

— Pero eu non teño papel grande, mestra... E máis... Non teño para mercalo.– Respondeu mentres abaixaba a súa cabeza inqueda.

— Non importa. Xa o traerei eu ...

Con que afán debuxou e pintou naquel xigantesco papel branco que a mestra, axiña, mercara na vila!

Pegárono na parede de atrás da vella escola, que semellaba ía derrubarse dun día para outro...

Tódalas tardes ficaba ata o anoitecer, coa súa caixa de cores. Foron días de arduo e incesante traballo ata que rematou con aquel enorme debuxo.

Merecía a pena! Aquelo quedaba moi fermoso. Non semellaba un debuxo... non... parecía real como o agarimo que sentía pola aldea na que nacera e vivía desde facía nove anos e da coñecía ata o curuto máis afastado e a cova máis agochada que puidese haber no chan. Non había segredos para el, nin animaliño que non coñecese. ¡Todo estaba baixo o seu control!

Mientras os seus amigos e os demais rapaces da aldea xogaban ás agachadas, á estornela, á pelota... o Bieito, trala súas gafas escuras que lle receitaran na capital cando fora coa súa nai, ía para dous anos, andaba buscando niños de todas as clases de paxaros: de xílganos nas pavieiras, de pequenos carrizos nas he-

dras do muro do señor, de rula no piñeiral ou de reiseñor nos loureiros... estudiaba os novos formigueiros que atopaba, escudriñaba os toques dos coellos que había por toda a devesa... preparaba lazos para collelos e levarlos á súa nai, aínda que ben sabía que estaba prohibida esta clase de trampas para a caza... pero a fame podía máis cá honradez daquel pequeno e inocente corazón da rapaz más nobre que ningún teña coñecido. Era maior da que a súa idade podía amosar!

Seguro que era porque desde os seus primeiros anos, o seu pai tivo que emigrar e non o volvería ver, ata que puidese vir con moitos cartos... Alomenos iso era o conto que lle repetía a súa nai!

Moi certo non debía ser porque cartas del chegaban moi poucas pero...

— Vés xogar connosco, Bieito?

— Hoxe non irei... non podo que teño que ir ás sobreiras que fai días que hai pegadas de xabaril e teño que vixialo por se vai ao millo de home da pazo...

— De xabaril?

— Si... si...

— Pero se por aquí non os hai que están todos no monte...

— Si, no monte... Xa andan preto das casas. Se os queredes ver, vide co-migo... Case sei onde está agochado! — de bo grado ían con el pero non tiñan pa-ciencia para estar tras dunhas matas durante horas como el era quen de facer e mesmo toda a tarde... se era preciso...

— Ben... Se ti o dis... Nós imos xogar — semellaba que era claro que non o ían sacar dos seus estudos da natureza, como el lle chamaba

Estaba namorado do río, do regato, dos piñeiraís, da harmonía e da paz que voaba por riba de todos os sendeiros daquel lugar illado na serra, do balbordo do vento do norte, do muiñar das diminutas follas afiadas dos piñeiro, dos ratos medorentos, do piar dos xílgarios e do monótono e fermoso canto das rulas...

Cando rematou con aquel mapa, despois de días, días... e más días pudo escoitar as gabanzas dos seus compañeiros, de dona Lucía e de todos os veciños da aldea que desfilaran pola escola para ollar aquela obra de arte como lle chamara o crego, o domingo no sermón, de paso que os convidaba a acudir á misa más veces....

No debuxo non faltaba o más pequeno detalle: estaba o caudaloso río, o regueiro, as veigas, o outeiro, os piñeiraís, a devesa, as viñas, os soutos, as casas, a ponte grande, a ponte pequena, as rúas, as fontes, os mananciais, os camiños, os carreiros...

— Se non fose polo colorido que ten parecería unha desas fotografías que sacan, desde o ceo, os avións do exército... — dixerá gravemente o alcalde cando o vira —. Este rapaz témolos que meter a debuxante...!

# Premio Narrativa

Ata parecía que naqueles trazos se podía sentir o fresco do regueiro, o balbordo das correntes do río, o canto dos centos de paxaros que aniñaban no sobreiral, os paspallás dos trigais do camiño do monte co seu ritmo monótono e misterioso, o muiñar do ventiño da fraga chea de esquíos as fontes de auga fría que semellaba saír das mesmas entrañas da terra.

Mal sabía o neno que alí ía ter traballo para moitos anos!

Aquel debuxo non fixera máis ca empezar. Non fá rematar xamais:

— As obras dos artistas cómpre ilas modificando, perfeccionando... día tras día... para que non queden anticuadas e para que non se perdan no tempo... — díxolle un día dona Lucía cando marchara para a escola da vila no remate do curso.

— Prométoche que hei vir por aquí para ver se este cadro segue vivo.

El soubo que aquel “seguir vivo” da mestra quería dicir que non quedase no esquecemento...

— Este cadro? — preguntou...

— Si, Bieito, si...este cadro — repetiu ela. É tan fermoso que semella feito por calquera pintor deses que saen nos libros...

— Logo deixareino así...

— Non ...non poderás deixalo... Non ves que é case real? Deberás pintar nel todo o que vaia mudando...

— Mudando...? — preguntou, sen entender ben que era o que quería dicir...

— Claro neniño! Así será como a mesma realidade...

Foron pasando os días e chegou unha nova mestra, dona Alba. Era o primeiro destino que lle tocaba atender e nun principio amosábase un pouco altiva. Era da capital e non estaba afeita ao aire da serra e ao trato humilde das xentes de Parada.

Non tardou en afacerse. Ata lle gustou a aldea. Botou un mozo. Casou e ficou moitos anos nela. Por aquel tempo rematárase o cadro, ou mapa, ou plano que non se sabía ben que demo era.

Como xa estaba rematado tivo, o neno, que dedicarse, de novo, a coidar as ovellas do señor do pazo en vez de ir tanto á escola.

Só mentres non volvía o seu pai do estranxeiro!...

Cando ao fin regresase da Alemaña, xa non iría máis de pastor para axudar á súa nai que non paraba de traballar por catro patacóns que lle dabán na casa da señor...

Sempre o señor do pazo para o que todos tiñan que traballar de sol a sol por unhas moediñas!... Na sementeira das patacas, do millo, do centeo, na recoleita das uvas ou das castañas que pingaban e adornaban o chan de perlas bri-

llantes coma o ouro, na debulla daqueles fermosos carozos do millo, no seca dos bullós para o inverno...

Cando volvese o seu pai xa non tería que pasar máis fríos no monte, nin más medos cando sentía o lobo nin más calores no verán desta terra que semeillaba estar preto do inferno cando sopraba o aire suave e ardente no mes de xullo ou de agosto...

Cando o Bieito cumpriu once anos chegaron ao pobo uns homes que falaban castelán e explicaron que fan facer unha nova estrada e por iso viñan cunhas máquinas enormes de ferro e camións de grosas rodas. Ía partir en dídas a grande veiga chea de viñas e soutos de ancestrais castiñeiros que tiñan sido o alimento de varias xeracións.

Tería que volver á escola aínda que case a esquecera, para debuxar a nova estrada! Pintaría de negro porque seica ía estar cuberta de piche, como a que levaba o auto de liña ata a cidade das catro pontes...

A verdade era que xa botaba de menos o seu mapa:

— Tamén terás que ir pintando o encoro que van facer no río que seica vai chegar ata a vila... — dixéralle a mestra cando foi sabendo a pequena historia daquel debuxo tan ben feito.

— Terei que pintalo de azul... Non si?

Claro! Tiña que ser de azul como os que viñan no libro de xeografía.

A mestra sorriu cando se decatou da face do rapaz, chea de ilusión pala volta ao seu traballo de facía case douce anos:

— Paréceme a min que vas ter moito que debuxar e pintar porque esta aldea está a cambiar moi á presa...

— Si mestra... Pero se pinto o encoro de azul como vostede me di teño que borrar o verde das praderías despois da pincheira da regueiro... tamén terei que tapar todos os ameneiros e os salgueiros que na primavera están cheos a radiar de niños... — respondeu un pouco desilusionado o neno...

— Claro pero así será más real! — consolouno.

— E terei que quitar as casetas de pedra do areal onde nos recollemos cando imos pescar e vén a chover ou cando nos agachamos se os nenos da aldea do outro lado das correntes andan a pedradas tras nosa...

— Iso é porque vos ides a meter con eles, senón, non volas tiraban... — murmurou a mestra que se daba conta da melancolía coa que o Bieito estaba a dicir todo aquelo.

— Xa! — respondeu con frialdade el mentres pensaba que non habería outro remedio se quería manter vivo aquel debuxo que era parte da súa alma. Aquel mapa que, case sen ganas, empezara a crear xunto a lareira da pequena casa da súa nai.

# Premio Narrativa

Pintou de azul o encoro, de gris escura, case negra, a nova estrada e, mesmo no outeiro cheo de piñeiros, pintou aquel hotel de luxo que estaban a facer desde había dous meses... Tivo que borrar centos e centos de piñeiros, eucaliptos, érbedos, cerdeiras... no remate daquel verán caloroso no que unhas lapas asasinás remataran coas árbores, cos animais, coas ilusións, cos agarimos...

Foi tingindo de cor negra e branca do fume aquela devesa chea de vida e de paxaros de todas as clases que aniñaban naquelas sobreiras centenarias que non darían más sombra nin encherían máis o aire daquela música que se lle atollaba, por veces, baixada do ceo, cando o vento se achegaba a elas.

Aquel mapa que facía só tres curtos anos estaba cheo de ledicia, de cores, de frescura, de olor a liberdade, de esquíos e curuxas, da cor da brisa fría e musical do atardecer, estaba a converterse nun mural escuro e tristeiro...

O Bieito estaba a piques de cumplir os catorce anos e deixaría para sempre a escola da pequena aldea, xa que tería que poñerse a traballar na facenda de don Ramón, o señor da pazo, o home rico do lugar, igual que o fixera o seu pai e antes o seu avó e o seu bisavó... ¡Non ía ter outro remedio!

Tamén tería que borrar na ladeira do monte cheo de felgos que reverdecerían na primavera, cando se enchía o aire do forte olor doce dos amorodos vermellos que alfombraban as beiras dos camiños entre os soutos e as viñas e os érbedos que se adornaban de boliñas vermellas que chamaban polo oso que bai-xaba da serra na procura daquela froita prohibida... estaban a furar o monte para sacar a lousa para, despois, facer pecas e colocálas nos tellados das casas...

Tería que pintar de cor azul escura aquelas xigantescas moreas de lixo que estaban a deixar todas as tardes os camións da canteira que abrían no alto da montaña e que o estaba a mudar todo!

— Non hai dereito! — berrou.

Pola súa meixela baixaron dúas bágoas indefensas mentres gastaba todas as cores escuras que lle quedaban da súa caixa e non daba rematado de pintar... Vanno deixar sen aldea...

— Era nosa!

Aquel berro retumbou nas agretadas paredes da vella escola e segue aínda como un eco eterno...

Guindou coas pinturas e sentou fronte ao cadro. Meteu a súa cabeza entre as mans. Deixou correr os sentimentos a xeito de bágoas.

Na porta da escola estaba a nova mestra a ollar para el:

— Bieito, vai ser noite e terás que ir para a casa...

— Xa o sei mestra... — muiñou... Xa vou...

— Que che pasa... que estás a chorar? — pousou a súa man suave no pescozo frío da rapaz.

— Non pode ser...! Non pode ser! Mire que está a pasar co meu debuxo... Mire... Que pouco se parece a aquel que empecei a pintar só hai uns pouquiños anos! Non hai derecho!

A nova mestra non soubo que contestar para o consolar sequera un pouquiño. Tiña pouco que decir. Só calou mentres miraba como o rapaz arrimou unha mesa e subiu a ela.

Colleu unha esquina do debuxo no que tantas e tantas horas tiña estado e comezou a resgallo coma se un terremoto desolador estivese sacudindo a aldea, que se rompía en dous anacos nas mans do Bieito... e logo en catro, noutros catro... e noutrous...

Cada vez más pequenos eran aqueles anaquiños de papel branco pintado coas cores e coa vida daquela pequena aldea perdida no val entre as serras...!

Era o que ía quedando... O pequeno Bieito meteu todos os anacos do debuxo nunha caixa de cartón e colleu o camiño do río...

Nin el nin a mestra nova dixeron nada. Cruzou a porta relada polo caruncho e saíu da vella escola.

Sentou na varanda caleada de cor branca da nova estrada. Mirou para o río e, só por un intre, viuno autora vez sen o encoro, coas casiñas de pedra, cos piñeirais, co sobreiral, coa devesa... sentiu como centos de paxaros cantaban á vez, como a corrente de auga limpa e fresca tropezaba coas penas queixándose coa dor, como os martínpescadores andaban tralos peixes que acababan de nacer... como os xílganos aniñaban nos salgueiros verdes, tupidos...

Unha bágoa vermella diminuta esvarou pola súa meixela encarnada por mor da tristura que nela estaba a reflectir a súa alma...

— Estannos a deixar sen aldea — murmurou...

Na veira do río, un camión de cor marea descargaba unha viaxe de lixo mentres levantaba ao vento unha nube escura de po que se alzaba dereitiña cara as nubes como unha columna de fume...

# *Accesit Narrativa*

---



## **RAFAEL CATOIRA REY**

Nacín na aldea de Laxe, no municipio de Culleredo (A Coruña) Dediqueime á actividade empresarial no sector da construcción. Apartado da actividade laboral, escribir é o meu refuxio e a miña paixón.

Gañei o Segundo premio na edición nº 39 do Certame Literario do Concello de Vilalba (Lugo). Teño editado o libro de poemas *Navegando cara a Ítaca*.

# *A lúa e o mar*

*Rafael Catoira Rey*

---

Por fin podíase quitar o impermeable e, axiña, o xersei. Por entre un ollo de nubes, un plano vermello, como una saba, coas súas dobreces remarcadas da cor da terra. O sol rebota no mar e adivíñase, máis que sentir, como ascende a súa calor. Amence. A noite foi lenta, pesada. Un traballo rutineiro, coa mar acougada. A lúa chea, omnipresente. Derramando a súa pálida leite semella un fanal pendurado no ceo. As nubes foron aparecendo pasenío, espertadas a segundo o amarello do ceo apagou a luz vermella. Durante a noite, o negror do ceo e a redonda cal branca. O aire de cera.

Antonio é home de poucas palabras. Pepe ten so o diálogo do rito do traballo e a batuxada da auga contras as madeiras da lancha. Agora, coa última nasa recollida, Antonio ordenando os aveños na caixa de madeira que lle serve de caixa das ferramentas e achicando cunha cunca de barro cascada a auga do chan da lancha, Pepe rema cun vigor elástico, flexionando os brazos a ritmo conexo e grácil, sen esforzo apparente, coa elegancia do que é costume, do que perdeu a súa brusquidade na repetición e limou a ineptitude inicial, de aprendizaxe, co aburrimiento acadado a base das veces e das horas de facer ese mecanismo ximnástico, que xa non é tan esgotador, nin levanta bochas, que xa lle curtiu a pel das mans, convertendo en coiro a epiderme a forza de rozalas contra o madeiro redondo, facendo de eixe, tal como secou a pel da cara o salitre que se aventa da pel da auga.

Antonio so ergueu a mirada cando se achegaron as rocas do Cagallón e ollou sen ver e notou sen sentir como Pepe manobrou cos dous remos en axitadas posicíons de aspa, contrarrestando con un o empuxe do outro, freando con un o lateral da lancha e premendo o fender do outro na auga, que fixeron virar a proa nun xiro rápido polo que a lancha enderezouse, e xa libre, vogou directa a praia.

Pepe alzou os remos, colocounos en paralelo, cada un na súa banda da lancha e saltou á auga que lle arrefriou os papos das pernas e fixolle aguantar unha maldición no cabo da lingua. Agarrou a proa e axudou á inercia a que a quilla subira pola area e a lancha se estabilizara.

Antonio foille pasando as dúas caixas de madeira coas nécoras, algún centolo peludo e uns cangrexos. Logo a caixa os aveños. Despois tamén el saltou a area e entre os dous arrastraron a lancha ata tocar o formigón das escadás que asceden ao Playa Club.

# *Accesit Narrativa*

Cando se achegaban ao mercado de San Agustín, as nubes, como placas de aceiro, encerraran ao sol e mitigaran a temperatura que xa empezaba a quecer. Pepe xa estábase acordando do xersei e, como ameazaba chuvia, tamén lembraba o impermeable, tirado enriba do xersei, nunha marfallada, sobre o banco dianteiro da lancha, coa manga colgando pola borda, tapando a M de Maruxiña, rotulada torpemente polo mesmo Antonio cun vermello que se mantén sempre intenso polo coidado que pon de pintar as letras deseguido coa intención oculta, desmentida con improperios e cagendíos a quén se atreva a sequera insinuado, de manter vivo o nome agarimoso que lle daba a súa muller, e ao que agora, nos derradeiros tempos, se dedica, non so a louumiñalo co pincel na madeira na lancha, senón que limpa decotío, cun trapo húmido, a chapa de latón rotulada e pegada a lápida no chan de cemento de San Amaro.

Antonio, con todo, camiña diante de Pepe co xersei posto debaixo do impermeable, cunha caixa sobre do ombro esquierdo, unha man suxeitando a caixa e a outra man na cadeira oposta, contrapesando. Os dous teñen as botas de tela e os fondos dos pantalóns encharcados e agora xa non, pero os primeiros metros do formigón do chan que abeira a praia de Riazor e as lousas da beirarrúa da avenida de Buenos Aires, e despoxos da rúa de Rubine, quedaron pingados por gotas mestas que de seguro fan branquearse ao evaporarse o líquido e ficaría gravado, no seu lugar, un cerco de sal, un coágulo branco salitroso.

Entraron no recinto da praza procurando no esvarar no pavimento húmido, coa habilidade que da o costume de pisar no chan en movemento, ao vaién das olas, e foron directos até un curruncho do fondo. Recostaron as caixas no mostrador de pedra e ollaron cara a Celso o peixeiro, de costas a eles, e como sabían de sempre, sen ánimo de xirarse, dando tempo ao tempo, facéndolles agardar, como si non tivera ningún interese na súa mercancía, como si dese xeito baixara o prezo. Ou quizais, por ningunha de esas cousas, simplemente porque si, porque así é Celso, con esa desidia aparente dos homes aparentemente tranquilos dabondo, de corpo pesado, que usan unha mesura nos seus acenos que fan pensar en osos recentemente saídos do seu letargo invernal, que unha perna píidle permiso a outra para moverse, e a cara de folgadas meixelas, un pouco caídas de brandas, olla de férrea quietude, de mecanismo trabado, sen sinal nos ollos que mostren o ánimo ou dean indicio dalgunha determinación. Agora, estalles a mirar, alternativamente, de Antonio a Pepe e de Pepe a Antonio. Sen pestanexar. Ollos vacuos con énfases na nada. Quizais a linguaxe sexa ese acio de gruñidos que suplen o que os ollos non son capaces de expresar para o que non sabe ollar.

<Qué traedes aí? Xa vesos. Uns pateiros para esterco. Pois si que fixestes a noite. Vaia pescantíns!. E até ao mellor, queredes duascentas pesetas! >

<Con mil pesetas nos conformamos. Non é verdade Pepe?>

<Poida> Dixo Pepe como o que non quere a cousa.

<Claro! E eu tamén. Por mil pesetas regálolvos este posto>

< E, para qué queremos esta chea de parrochas que tes para vender, se semella que as sacaron do mar a semana pasada?

<Pois, para venderllas as mesmas clientas que queiran os vosos pateiros>

As mans gordechas de Celso calibran o marisco, observan os corais que sobresaen da cáscara protectora dos crustáceos, zarandéaos coas mans, pesán-doo, tentando se eses corpos están cheos de carne. Sempre mirando ao fronte, ao lonxe, sen baixar a vista ao que toca, soamente un pestanexo de cando en vez. Agora deixou os bichos quedos, apoia as mans no mostrador e nelas os brazos peludos e gordos, e nese brazos todo o seu corpo que se deixa caer coa inclinación do tronco dunha árbore recentemente abatida polo machado do leñador. No mostrador as escamas dos peixes relocen con escintileo ao recibir a luz que se racha cando o corpo de Celso se pon diante do chorro que ven da ventá de cemento dividido en celosías, facendo un morse de luz, unha intermitencia luminosa que semella a mesma intermitencia que fan as nubes co seu pasar polo ceo. Agora, sen apenas moverse, descansando o corpo nun solo brazo, sen esforzo, un piar de formigón, baixa unha man que remexe nalgúnha parte de debaixo do mostrador e saca unha caixa de metal, oxidada, sen tapa, pona enriba do mostrador ao mesmo tempo que separa o outro brazo e érguese e entón, move os billetes e as moedas da caixa, axilmente, cos dedos de salchicha, dedos con ollos que contan, elixen.

<Aquí tedes. Ides que chutades!>

Antonio e Pepe suman, mentalmente, rapidamente, entre billetes e moedas: cincuenta pesetas.

<Ti ves algo? Pepe?> Di Antonio cos brazos cruzados, as pernas abertas e coa intención de dar a sensación de ter todo o tempo do mundo.

<Vexo. Si. Máis non o suficiente>

<Ti, canto lle engadirías?>

<Cando menos, outro tanto>

<Cando menos>

A man de Celso, allea ao seu corpo, con vida propia, revolve na caixa, mentres os seus ollos se agarran a un punto fixo por enriba das cabezas de Antonio e Pepe. Logo a man volve poñerse sobre o mostrador con unhas moedas aprisionadas no puño e as deixa caer con tintinei de metal; algunha revólvese en círculos,

# *Accesit Narrativa*

xira e fuxe en espiral até que a man plana de Celso esmágaa contra o cemento puído e alí fica sumándose as outras, molladas e dobremente brillantes coa auga remansada na superficie desigual do mostrador.

Antonio e Pepe míranse interrogándose e negando á vez coas cabezas.

Nesto, unha voz aguda, de arame, furou a espesura do son compacto do ambiente e dos silencios solemnes e de elocuente comerciar dos tres metidos no arte de regatear.

<Pero, xa estás nas túas, Celso!>

Coas mans nas illargas, apertando a ampla cintura sen relevo onde un mandilón floreado protexe un vestido de puntillas e unha camisola amarela, cuxo colo aberto ensina uns peitos de abundante redondez chafada, prostrouse Amelia, a do posto de verduras, fronte a eles, con actitude de retadora camaradería.

<Veña, neniños. Non vos deixedes enganar>

A boca de Amelia, de labios grosos, remarcados nun vermello intenso, cando se abre, minte o son, non se espera que cova tal emane un fluír tan delgado, un fío de auga que saíra dun torrente afeito a ruxir.

A súa voz entrelazouse coas outras voces queemerxen da praza de abastos como un rumor continuo, persistente, un eco permanente que súpeto ráchase cun berro de aviso: fresquiños, peixes fresquiños, ou un reclamo: Veña, señora, merque aquí os mellores mexillóns!!, que enchen este recinto de olor intenso, penetrante, a mar, a algas, a sal retida, e semella o ventre do océano co seu son húmido, incluso un ouveo de tubo do berro de balea, parece traspasar o aire mesto que semella ter láminas azuis que bailan un ritmo de serpentina nese ventre compacto, onde tamén estala o resoar do romper das olas contra a area dunha praia afastada. Pepe está asolagado neste mundo que é o seu pero dun xeito lateral; o mundo onde veñen a parar as súas pescas, o cabo do traxecto do seu periplo noctámbulo na soildade das augas salgadas, coa compañía, case sempre silente, de Antonio. Irmandado con todas estas xentes con este acto case sacerdotal no sacrificio deses animais que cruzan vivaces baixo a quilla da súa lancha ou saltan en escintileos de prata reflectindo a lúa nas súas escamas de aceiro que non protexen o suficiente o seu corpo brando ou reptan polas rochas e covas fondas e pola area abisal cara as trampas mortais que Antonio e máis el lles tentan. Irmandados nese altares de pedra onde as perlas de pel brillan e flotan na sangu vermella que se dilúe na auga doce, onde permanentemente estanse a lavar as pegadas dese ritual sagrado da ofrenda do mar. Pero Pepe soamente presiente isto, soamente intúe o que a súa sensorialidade lle borboriña dentro dalgún lugar remoto da súa conciencia. Os seus sentidos están cheos desa algarabía e nada saben desa irmandade de cazador e

caza que ven dos tempos de cando case que ainda non había tempo e descoñece esa simbiose coa que a natureza encubre as necesidades e sublima os instintos primarios.

<Este Celso éche moi vivo. ¿A qué si, nenos?>

<Se ti o dis.> Lle responde Celso.

Celso fala sen mirar cara a banda onde provén a voz de Amelia, acostumado como está a estas saídas de tino e a estas entradas de improviso de Amelia na metade dunha conversa que non lle incumbe.

Sabe que non pode evitalo. É máis forte ca ela, ou así llo parece e llo fai saber en cada ocasión na que pode intervir e facerse visible e audible a el, Celso. A viuzez de Celso para unha viúva coma Amelia é unha invitación a conquista, e un desdén pola súa parte implicaría unha aldraxe máis que persoal a toda a significación desa muller que inclúe a súa disposición ao cortexo. A súa vontade de aderezo cosmético en cores de vestimenta e maquillaxe o suficientemente rechamantes para estimular o ollala e a obrigar á deferencia nun ambiente de extremada coquetería por parte das peixeiras, mulleres cuxa audacia empresarial liberounas tanto da subordinación ao fogar onde manda o macho como doulles a capacidade de seren donas dunha posición económica que elas co seu aderezo en vestimentas pouco sobrias e alfaia onde o brillo do ouro cega, intentan tapar, que non o logran, ese cheiro característico dos peixes que lles acompañará toda a vida e que nin co perfume máis aromático e caro conseguén agochar.

Os posibles clientes desfilan diante dos provistos mostradores con facianas e ademáns de peritos compradores. Levántanselle as guerlas ao ollomol, tócanselle os corais dos mariscos, míranselle os ollos das pescadas.

Unhas compras que tamén son exames que as xeracións de mulleres tiveron que pasar e cuxo coñecemento foi transmitido de nais a fillas casadeiras o recen casadas. Ningún fai caso dese grupo que porfía e nesa muller que berra e fai acenos coas mans, compoñendo un retrato habitual onde a liorta, a discusión, o reclamo, o regateo, todo a grandes voces, compoñen a sinfonía que cada un dos días se estrea e renóvase.

<Digocho porque te coñezo. Pillabán. Anda e ceiba os cartos que as de morrer podrecido como todos e para alí non has de levalos.> Segue na súa lería Amelia.

Pero Celso xa abriu o puño e da man deslizáronse con arte de prestidixitador uns billetes que se xuntaron ao pequeno montón de moedas e todo isto empuxouno cara a Antonio que, sen mirar a conta, recolleuno coas dúas mans e meteuno no peto do seu pantalón nun vurullo engurrado.

# *Accesit Narrativa*

Saíron do balbordo do mercado e metérонse, con soamente atravesar a rúa, noutro lugar non menos bulicioso. As copas de augardente e de coñac Fundador trasféganse ao ritmo habitual de mecanismo simple por acólitos acostumados a este cabio de xornada, que empezaron no epicentro da noite cando o día se rompe en dous e o tempo xira no seu eixe, escindíndose, e xa cando a luz se despregá acadaron o seu cometido de traballo.

O chan de serraduras estendidas, amoréase alí onde caen os esputos lanzados con descoido e chulería entre frase e frase e os líquidos que caen das cuncas de ribeiro, sempre é difícil sostener co viño a rebordar da cerámica esmalтada en branco e de levar a boca nun equilibrio máis instable canto máis se incrementa o trasfego. As cabichas se chafan cos botas áinda húmidas. As gorxas soltan palabras arrastradas pola lixa da intemperie do mar e dos amenceres máis precoces. O alcohol evapora a humidade permanente dos corpos e esperta a lucidez dos miolos atascados en labores miméticas e repetitivas.

Antonio e Pepe xa están a apurar a segunda copa cando Antonio pon enriba do mostrador da taberna unha das tres partes da venta, a parte que lle corresponde a Pepe. Pepe separa unha peseta desa parte e ergue a man cos dedos estendidos. Manolo, o mozo, fillo e neto de outros Manolos que percorreron o interior do mostrador desde as infancias, mollando os chupetes na escuma dos ribeiros, énchelles as copas de caña e enrosca con brío o tapón de cortiza que bota un renixer queixoso e despois deixa diante deles a botella para que fagan dela uso pródigo e libre; cousa que ocorre coa frecuencia habitual, no tempo que acostuman. Case que poderíamos dicir que todo está medido, mesmo o tempo, cunha medida especial feita pola rutina do que se repite tantas veces como días ten a vida, e con ese reloxo interno que nada ten que ver co reloxo que marca as horas móvense os remos na auga, érguense as copas de caña e as cuncas de viño desde o mostrador ata gorxa, e os pes, acostumados a levar unha ringleira recta e directa, despois desta inxesta abanéanse en elipses que rachan a lóxica do ritmo e o caos entra, desde o buraco dos miolos, na realidade e a altera de xeito que os reloxos se esmagan e se alongan e achican a vontade. Todo isto faise ou farase no seu momento, entre mentres estase a falar nun mesmo diálogo gastado co que se enche o espazo baleiro entre grolo e grolo.

Atrás ficou o salitre da noite, diluído nesa escuma branda que se traslada ao cerebro con intensidade e rapidez e transforma a aridez da vida nun pasar dentro dunha transparencia suavizada e dulcificada, e ese arco creado coa solidez dunha gasa semella que os acubilla e ampara. Xa fai que Pepe está repetir unha frase dunha conversa nunca empezada, tomada do núcleo ou dos bordes dunha conversa que traslada da súa mente á cabeza de Antonio, sen transición, deixando

que Antonio cubra coa súa perspicacia ese intervalo non vocalizado e que Antonio non chega a facer porque mantén un diálogo consigo no que non consigue poñerse de acordo.

Antonio quitouse xa o impermeable e o xersei e arremangouse a camisa branca, de colo ráido e coas iniciais do seu nome A B gravadas por Maruxiña, a súa santa, en cor azul mariño, agora gastadas e a piques de esvaecerse polas enerxicas lavadas na pedra do lavadoiro de San Roque onde a súa sogra agrétase as mans coa roupa dos cinco netos deste xenro herdado.

Pola entrada, a tasca lanza un anaco de luz, enmarcada e recortada pola porta, un feixe de luminosidade encaixada nun chorro, un bloque de evanescente amarelo que cae directamente cara ao chan e se reborda até perderse na escuridá atrapada no fondo do local e soamente rota pola tenue e sucia claridade que cae vertical da celosía de vidros no centro da taberna, chan do patio interior do edificio, e esa luz vertical de farrapo sucio xúntase cos escasos raios, rotos xa, que sobreviven ao feixe que entra desde a porta formando unhas aspas vítreas, de opacidade fantasmagórica que engade irrealidade a realidade imposible que vive Pepe, remando nas procelosas augas de pantano que se formaron no seu cerebro, onde a súa lingua afúndese nun lamazal de follas podres e non pode saír, nin moverse.

Ao saír, Antonio despídese para logo desandar o camiño, pasar preto a lancha varada onde recolle o impermeable e o xersei de Pepe e despois colle por un carroiro entre hortas e leiras, en dirección a súa casa, un ranchiño de planta baixa e faiado, onde dorme el, debaixo do tellado, co seu fillo pequeño, naquel barrio ou aldeña, co mar fronteira por unha banda e a escola de náutica no extremo do derradeiro ranchiño.

Pepe colleu o camiño contrario e os seus pes, condúceno a Cuatro Caminos por Garás e de alí a Monelos, preto da praza, detrás da rúa principal e a dúas rúas da igrexa de Oza, deica a súa casiña dunha soa planta inclinada co rasante da rúa que fai costa desde a igrexa.

O lene vento que ven percorrendo o océano, levantando leves engurras na pel do mar e facendo saltar unha escumiña de alvéolos brancos nas cristas brandas desas ondas, refréscalle a cara e faille albiscar unha aparente serenidade que axiña váselle e deixa seguir a súa sangue burbuillando de máis en cada latido e un zumbar na cabeza de abellas hostís e persistentes. Nas mans e nos pes un saco de plumas amortece a tensión dos músculos e nos seus ollos o visible ten antollos de moverse, achegarse e afastarse, subir e baixar que non é capaz de deter.

Ao chegaren a casa, Pepe, nin mira, nin ve. Non mira onde os seus pes tropezan xusto na porta da entrada cunha banquetaña onde senta un cativo co chupete

# *Accesit Narrativa*

na boca, tapado o seu corpo por unha das camisas vellas de Pepe, abotoada na gorxa co primeiro botón e que lle chega até os xeonlllos deixando ao aire os peciños suchos. Nin ve o charquiño de mexos debaixo da banquetña. No corredor evita, a tropezóns pegarse coas moitas cousas arrimadas nas paredes e segue o son dun choro angustioso que o leva até a cociña onde a súa filla de seis anos, Teresiña, debaixo da mesa da cociña chorica botando mocos pola nariz e está a refregalos por toda a cara coas súas mans. No vertedoiro de pedra, María, a súa muller, de costas, frega algún cacharro, allea ao balbordo que fan o choro de Teresiña e os berros de xogo, no patio traseiro, de Toñito e de Pepiño. A faldra, gastada, deixa ver os baixos dun camisón, con algunas partes da puntilla rotas, e que lle colga pola banda no que inclina o seu corpo para fregar.

A mesa da cociña está arrimada a parede e sobre ela un prato fondo tapa un prato chá e Pepe non precisa abrilo para saber que alí dentro agárdalle a tortilla de patacas fría. Séntase sen que María volva a cabeza, ocupada no fregar cun ruído de arrastrar a pedra pómmez na lousa que tapa o bulicio do patio, os choros de Teresiña e unha canción incongruente e tatexa de Danieliño, sentado na banquetña de pino na entrada da casa.

Co primeiro bocado sen chegar a boca, pinchado no garfo, bérralle <Está frío. Coño!>

María non responde, as súas cadeiras sen forma, rebordadas o seu relevo polo ventre redondo, móvense máis rápido, con más brío e as súa costas anchas, teñen un movemento contrario o das súas pernas gordas e de veas inchadas e negras que recorren os xarretes como carreiros a ningunha parte.

Pepe abandona a cociña e agarrándose ao marco da porta, métese no dormitorio e títase enriba da cama e pecha os ollos e dórmese decontado, xusto cando a unha babuxa espumosa esvara pola comisura dos seus labios.

Espértalle o balbucir do seu nome. Tereseña, de pé, a carón da cama, está a miralo.

Séntase a na cama e senta nos xeonlllos a súa filla, límpalle os mocos co seu pano e pásalle a man polo largo, media melena, como gústalle dicir a María que lle queda ben a nena, con esa cara redondiña e as súas meixelas de mazá. Tamén lle quedaba ben a María, cando a coñeceu, coa súa media melena, co pelo caéndolle na fronte, recortadiño, unha cortiniña de flocos. Por detrás o pelo até a caluga e por diante xusto até o colo do seu vestido verde no que apenas destacaban os seus peitos incipientes. Ai! o seu cinto que apertáballe a cintura facendo resaltar a súas cadeiras a piques de estalar en muller.

Deixou a Teresiña no chan, absorbendo os mocos e achegouse a cociña.

María xa non estaba alí. Os nenos, Toñito e Pepiño, xa non xogan no patio, están sentados na mesa da cociña comendo un bocadillo de chocolate. Míranlle interro-gantes. Rétaos coa mirada. Teñen que saber quén manda, desde o principio, el é o pai e que non se lles esqueza. O respecto se gaña. Ten a cabeza pesada e a boca seca. Achégase ao vertedoiro e enche o cazo de auga e bebe todo o cazo dun grolo.

Séntase á mesa, diante dos fillos e vai falarles, pero algo o detén. Os seus ollos. Míranse entre si e cando volven a vista cara a el, unha nube de burla destá-case nas súas pupilas.

Volve ao vertedoiro e bótase auga na cara e no pelo, alísaio coa man e sae ao corredor sen ollar cara aos seus fillos que seguen a morder no pan con chocolate e ríndose entre eles. Na porta da entrada Danieliño segue a mover as pernas como tixolas que se pechan e se abren. Esquívao e sae.

Na rúa está escurecendo paseniño, unha gasa vermella esténdese ao largo do ceo, saíndo do sol que empeza a deixarse caer pola ringleira do horizonte, rota, as veces, polo tellado dalgunha casa ou os cumios dos vetustos arbores da granxa agrícola.

Agarda ao autobús de dous pisos, o número sete. Báixase na Plaza de Pon-tevedra.

Cando camiña cara a Riazor a brisa alívialle o sopor. Olla cara ao ceo onde xa unha ou dúas estrelas empezan a destacar o seu brillo de aceiro por entre o aínda gris do solpor. Pepe dise que esta noite non haberá tormenta. E isto é bo, poderán saír a pescar.

Escurece outro día e Pepe e Antonio dispónense a escindir o tempo, a abrir o mañá, no centro da ría. O océano peta no ventre de madeira de Maruxiña.

Debaixo da lancha, un milleiro de animais acaban e empezan o mesmo día e a mesma noite ca eles. A lúa, declinando o seu ollo branco, reflíctese na auga e afóndase co seu brillo arrimado as nasas. Ráchase a pel da auga ao tirar Antonio da primeira trampa.

Pepe non pensa, pon nos músculos toda a atención da súa cabeza e rema... rema ....rema.

# *Accesit Narrativa*

---



## **ANA PINAR VÉLIX**

### **Sobre mí, Ana Pinar Vélez**

Nací en Madrid, en 1975, aunque el resto de mis hermanos, como mi madre, nacieron en Extremadura, que también se convirtió en la tierra de mi padre desde muy niño. En Madrid sigo viviendo, con todos ellos.

Me contaron muchos cuentos, privilegio de ser la más pequeña y tener muchos narradores a mi disposición. Los de los libros y los que ideaban, y los que habían vivido. Las ficciones me atraparon y pronto aprendí a leer para que no me faltasen. Perseveró.

Entre la lectura de una novela y la de otra fui a la universidad y me licencié en pedagogía, incluso apliqué mi título a escribir libros de texto y a enseñar matemáticas, lengua o lo que cada alumno requiriese.

Tardé en decidirme a inventar mis propias historias, y lo hice a instancias de los que antaño me contaban cuentos. He publicado unos pocos relatos, he ganado algún premio de poco renombre y escasa dotación. Y acaba de salir mi primera novela *Travesía a Costantinopla*, gracias a la labor de la editorial La Fragua del Trovador.

# Molinos de viento

Ana Pinar Vélez (lema: Plumilla)

---

- ¡Mamá, mamá, que se ha vuelto a escapar el abuelo!
- ¡Qué castigo, Dios mío! —bajito, con cansancio, hastío.
- Hijo —más alto, continuó la madre, regañando-, te tengo dicho que no hables así, ni que tuviéramos preso al abuelo —suspirando-, llama a tu padre ahora mismo.
- Dónde andará este hombre, perdido por ahí —continuó la madre, bajito-. ¿Qué habrá sido de su cabeza? —Suspirando otra vez-. ¡Con lo que era mi padre!
- ¡Papaaaaaaaáááá! ¡Que el abuelo se ha escapado!
- ¡Será posible! ¡No grites! Para dar voces me habría bastado yo sola. Papá está en el cobertizo. Ve a buscarlo.

La mujer continuó trajinando en la cocina unos instantes, nerviosa, con prisa. Apagó el fuego de gas, se quitó el delantal y miró pensativa a la pared de la que colgaban cazos, espumaderas. Un gancho estaba vacío.

- ¡Se ha llevado el escurridor de los espaguetis! ¡Me va a quitar la vida!
- Salió de la cocina y en la sala cogió con rabia un libro abierto sobre la mesa. En ese momento entraba Javier, su marido, seguido por Dani, el hijo, que no paraba de dar indicaciones a su padre, planificando la búsqueda de su abuelo como si fuera un general.
- ¡Os tengo advertido que no dejéis *El Quijote* al alcance de mi padre! —les reprochó airada, blandiendo el libro-. Yo lo había colocado en lo alto de la estantería.
- Pero mamá, estamos estudiándolo en clase...
- ¡Pues lo guardas bien guardado cuando acabes de estudiar! Estaba ahí, en la mesa, abierto, tentador. ¿Y si le pasa algo al abuelo? ¡Y con la ventolera que sopla hoy!
- Mujer, si no paras de insistirle al chiquillo con las notas y los estudios.
- Sí, tú defiéndele. Claro como la última vez fuiste tú el que se olvidó el ma-motreto en el porche. ¡No sé qué le encontráis a ese libro!
- Yo, mamá, porque tengo que presentar un trabajo la semana que viene... Si no estaría leyendo mi último Astérix —sonrió a su padre, que se lo había comprado hacía el día anterior, como pago por su ayuda en las viñas.
- Hijo, no me salgas con tus tebeos, más respeto, que Cervantes es el escritor más grande de España... Del mundo entero. Basi, no lo olvides tú tampoco. Comprendo que estés alterada.

# *Accesit Narrativa*

- ¡Alterada! Lo que vosotros queráis. Pero a estas horas vete a saber dónde está ya mi padre. Y nosotros aquí conversando de literatura. ¡Y se ha vuelto a poner el escurridor en la cabeza!
- Niña, es un yelmo —y padre e hijo se echaron a reír-. Tú padre es todo un caballero andante, de los de antes.
- No admito que os burléis de mi padre. Mientras no se acuerda de don Quijote está muy cuerdo... Para su edad... -Y dando por zanjada la cuestión literaria preguntó, con sentido práctico-, por cierto, ¿habéis mirado si ha cogido la bicicleta?

Dani salió corriendo al garaje. Efectivamente faltaba la bici del abuelo. La madre se cambió las zapatillas por unos zapatos planos de cordones y se puso una charreta. Su marido siguió al chico.

En pocos minutos Dani y su padre pedaleaban hacia donde se erguían los aerogeneradores cuyas aspas se movían veloces, transformando el aire en energía eólica, transformando la tranquila llanura manchega en un paisaje futurista.

\*\*\*\*\*

Basi los vio alejarse y se encaminó hacia el pueblo. Mejor comunicarlo en el cuartelillo. La noche no tardaría en acercarse y su padre tenía que tomar sus medicinas.

- Por lo menos podría coger una bicicleta de las nuevas y no empeñarse en seguir usando ese cacharro suyo —iba diciéndose en voz alta por el arcén de la carretera-, por mucho que insistía en que era el mejor modelo que fabricaba Orbea en el año 1945. Si en ese año se acabó la Segunda Guerra Mundial...

Manuel, Manu, su padre, el abuelo, había cuidado ese vehículo con mimo. Aún ahora, con los noventa ya bien cumplidos, la engrasaba cada semana, aunque ya hacía tiempo que no la sacaba, desde que sufrió la embolia, poco después de cumplir los ochenta y ocho. No le dejaban salir solo, ni a pasear. No le valía protestar. Ciento era que a veces se despistaba. Pero nunca faltaría un vecino que le devolviera a casa. No le valía protestar.

- ¡Siempre monté en bicicleta a diario! ¡En mi Orbea, no quise una BH, porque antes de hacer bicicletas, fabricaban rifles y ametralladoras! —Repetía-. ¡Y mirad como me conservo! Fui el primero en tener bicicleta en el pueblo. En los tiempos de Primo de Rivera. Dani ni siquiera sabrá quién es... -Su apilado nieto replicaba que lo había estudiado en el colegio, pero el abuelo no hacía caso, continuaba su alegato-. ¡No necesito comparsas!

Necesitaba comparsa, claro que sí, su padre, su pobre padre, a Basi le daba pena. Pero qué trastornos. No podía descuidarse ni un segundo. Andaba cada día más despistado y desde que se había obcecado en la idea de que los aerogeneradores, que la tele decía que producían electricidad, barata y limpia, eran gigantes,

había que andarse con más cuidado todavía. Menos mal que desde su casa no se veían, por más que los campos de Albacete se cubrieran de ellos, para menoscabo de viñas y cereales. A Basi también le resultaban inquietantes esas extrañas torres metálicas, colocadas en formación, como un ejército a la espera. Parecían sacadas de una de esas películas de ciencia ficción a las que tan aficionado era su marido.

\*\*\*\*\*

- Siempre me imaginé el artefacto que llega a la tierra en *La guerra de los mundos* como estos molinos —comentó Javier a su hijo mientras pedaleaban hacia el campo de aerogeneradores-. ¿Has leído esa novela Dani?
- No —contestó el adolescente sin dejar de mirar a un lado y a otro tratando de descubrir la figura de su abuelo en la vieja Orbea-. ¿La tenemos en casa?  
— Padre e hijo compartían con el anciano Manuel la afición a la lectura-. Aunque a ver si me la va a pillar el abuelo y le va a dar por ver marcianos en el coro de la iglesia.
- No me extrañaría. A mí mismo me pasa, sobre todo en Semana Santa —la risa se convirtió en jadeo, porque el pedaleo veloz no cesaba pese a la conversación-. Si nos oyera tu madre...
- Se nos caía el pelo.

\*\*\*\*\*

El abuelo Manuel se había parado indeciso en lo alto de una suave colina, desde donde se veían decenas y decenas de aerogeneradores, agitando furiosamente sus tres brazos cual si quisieran asustar al viento incesante. Comenzaba a oscurecer y una luz rojiza comenzó a brillar en el centro de sus aspas.

- ¡Son Cíclopes, lo que suponía! —Se ajustó su yelmo, que su hija se empeñaba en sustraerle para usarlo como menaje, y se reacomodó en el sillín de su bicicleta-. No me acobardaré. Por más que hasta Sancho haya preferido abandonar mi servicio por la Ínsula Barataria. ¡Ay la política, fabricadora de emblecos!

Sin más vacilaciones, picó pedales y descendió apresuradamente colina abajo.

\*\*\*\*\*

- Señor teniente, es mi padre otra vez —el teniente de la Guardia Civil era un hombre alto, todavía apuesto, ya entrado en la cincuentena. Era natural del pueblo, sabía lo que pasaba en cada domicilio.
- Basilisa, deberían vigilarle mejor. No está bien movilizar a las fuerzas del orden sin motivo cada dos por tres.
- ¡Cómo sin motivo! ¡Le parece poco! ¡Un pobre abuelo indefenso!
- ¡Indefenso! La última vez casi arremetió con un rastillo contra el pilar de un aerogenerador y al guarda de Iberdrola le tuvieron que atender los de la Cruz Roja. ¡Pobre Ildefonso, cojo como está! ¡Menuda pedrada!

# *Accesit Narrativa*

- Usted sabe lo que siempre valió mi padre –contestó zalamera Basi, al tiempo que se subía en la parte de atrás del coche de la Guardia Civil-. Y tiene muchos años. ¡Si cuando era mozo todavía llevó trigo a los antiguos molinos de viento! En los de ese Don Quijote... Personaje dañino...
- No hable mal de nuestro Don Quijote en mi presencia, por favor. Y sí, su padre siempre fue hombre cabal, pero agua pasada no mueve molino.
- ¡Vuelta con los molinos!
- Agua pasada no mueve molino, no señora, y los aires viejos tampoco, Basilisa —el teniente se acordaba de los enormes racimos que se había comido en los viñedos de Manuel, que hacía la vista gorda con los hurtos de los muchachos-. Hacía un excelente vino su padre, sí, sí que lo hacía. El mejor de estos contornos. Lástima que se le haya ido la cabeza.
- ¡Tampoco exagere! La cabeza la tiene en su sitio. De tanto en tanto se extravía un poquillo. ¡Y el vino de nuestros viñedos es el mismo tinto con cuerpo y aroma de siempre. Mi Javier no ha variado un punto en los métodos de mi padre, si acaso los ha mejorado. ¡Bastante dinero hemos invertido en máquinas! Y ahora apresúrese, que cuando les conviene a ustedes ponen la sirena a la hora más profunda de la siesta en un día de julio.
- Basilisa, en este coche soy yo quien decide cuando poner la sirena. Yo no le he aconsejado que ponga un cascabel a don Manu.
- ¡Faltaría más! —Indignada-. Pobrecito mío. Si no mentándole los molinos...

\*\*\*\*\*

Manuel no había visto los molinos hasta hacía un año. No se movía mucho de la casa y del huertecillo. A lo sumo iba de paseo con su yerno que le llevaba por los paisajes de siempre o hasta la plaza del pueblo. Naturalmente los vecinos hablaban de los aerogeneradores, algunos había recibido sustanciosas compensaciones por sus tierras, otros se habían aprovechado de las subvenciones y los que nada sacaron preferían no mirar hacia donde sus altas aspas rompián el ancho horizonte manchego, y se consolaban poniéndoles pegas. En realidad casi nadie se acostumbraba a ver herido su omnipresente cielo sobre la llanura inacabable. El abuelo los escuchaba. A veces preguntaba a su yerno, que le respondía con evasivas, en el hospital les habían aconsejado que procuraran no excitarle, que cuidaran de que su entorno se mantuviera tranquilo, con la seguridad que prestan las costumbres de décadas.

El abuelo no participaba en las charlas de la plaza, alrededor de la fuente, pero atendía. Cuando en el telediario daban noticias sobre los aerogeneradores pedía que subieran el volumen de la televisión. Nunca dio su opinión sobre la energía eólica, y eso que siempre fue hombre informado, lector voraz también de la prensa. El primero en comprar un tractor en el pueblo. Fue grata compañía para todos los maestros que pasaron por la localidad.

— Esto ya no pertenece a mi tiempo —decía dejando a la familia en el salón, prefiriendo la soledad de su cuarto y la compañía de sus viejas novelas. Cada día le iban resultando más reales sus argumentos, más ficticia la realidad.

Hacía un año fueron los cuatro, Basi y Javier, Dani y el abuelo, a la boda de Enrique, el nieto mayor de Manuel, a Tomelloso. Iba tan contento y orgulloso el anciano, que hasta había sacado el sombrero del fondo de su armario.

— Vamos a la patria chica de Plinio, Dani. Un policía literario más divertido y sagaz que cualquiera de esos detectives que salen ahora en la tele. Te presentaré las novelas.

Daniel asintió, no olvidaría pedírselas, nunca le habían decepcionado las recomendaciones de su abuelo, aunque últimamente le daba un poco de miedo, porque Manuel acababa figurándose él mismo un pirata, un ladrón, un caballero. Según la historia que leyera.

Su madre también se había percatado y procuraba limitarle las horas de lectura, encomendándole tareas que nunca en su vida realizó el entregado agricultor.

— ¡Pero Basi! Que falta te hace a ti que yo pique las judías verdes.

— Padre, así se entretiene.

Esos coloquios se habían vuelto frecuentes. Así como los ruegos a su marido para que sacara al suegro de paseo.

— No hay forma de que este hombre saque la cabeza de los libros, llévátelos a la viña.

— Pero mujer, que hay demasiada faena, yo no puedo estar pendiente del viejo...

*Manuel rezongaba, no puedo comer nada, ando como un pingüino, ya no monto en bicicleta, no trabajo mis vides, si solo vivo gracias a las historias de otros, a la vida que me prestan los libros.*

En ese viaje a Tomelloso consiguió meter la primera parte de *Don Quijote* en la maleta, de estraperlo. No fue fácil burlar la mirada de su hija. Iba envuelto en una camisa. Por si por la noche había ocasión... Hacía demasiado que no acompañaba al hidalgo por las tierras manchegas.

Justo cuando pensaba con deleitación en el botín que llevaba en su equipaje, y hablaba con pasión de Plinio, aparecieron ante sus ojos los aerogeneradores. Enmudeció. Los miró incrédulo, pasando y pasando, enmarcados por la ventanilla del coche.

— ¡Son Gigantes! —lo gritó, solo para sí.

— Son grandes, sí que lo son —contestó Daniel que le oyó, y le entendió, pero prefirió intentar despistar a sus padres. Observó con preocupación al abuelo, sentado a su lado en los asientos traseros.

# Accesit Narrativa

— A mí me recuerdan a un inmenso calvario... -Comentó Basilisa, señalando hacia los que se erguían sobre unos suaves montes en la lejanía-. Como en Espartaco, ¿te acuerdas de cuando la vimos en el cine, Javi?

Manuel movía la cabeza de un lado a otro, *¿cómo no se daban cuenta de los monstruos que bordeaban su camino?* No insistió, ya conocía la respuesta, *el abuelo está gagá.*

Dos días después de regresar de la boda sacó la Orbea, con suma discreción, de nuevo a los caminos. Protagonizaron la primera salida, su primera campaña contra los gigantes. Manuel había leído detenidamente el capítulo pertinente del Quijote, quería ir preparado para toda contingencia, ya se sabe que tales criaturas no solo pueden romper la crisma, sino confundirte la razón.

Desafortunadamente no pudo llegar hasta ellos. Un vecino, Paco, el ajero, le retuvo, cuando ya los tenía a la vista, cuando ya sentía su poderoso aliento. Basilisa le requisó su Quijote, le puso un candado nuevo a la bicicleta, y al anciano no le quedó más remedio que quedarse tranquilo por una temporada. Hasta que se hizo con la llave del recio candado. Había intentado el asalto en siete ocasiones más, todas fallidas.

\*\*\*\*\*

Hasta este momento. En lo más alto de la colina vaciló. Nunca había abordado el ataque desde este punto. Vaciló. Bastaba con descender a toda velocidad. Estaban a su alcance. Allí estaban los gigantes, que habían resultado ser cíclopes. No se veían guardia, y en la valla tras la que se parapetaban los enemigos había un agujero lo suficientemente grande para él y su cabalgadura.

Se lanzó. El aire en la cara le hizo sentirse joven de nuevo, con esa alegría animal que pensaba que sería ya solo un recuerdo. Acariciar a su primera chica, sostener a sus hijos recién nacidos, pisar la primera cosecha de uvas verdaderamente suyas, la de las viñas que le cedió su padre al casarse... Aún quedaba alguna botella de vino de aquella añada en la bodega, la abriría para celebrar su victoria, a la noche. La compartiría con Basi y con Javier, que habrían de admitir su triunfo y su perspicacia. Incluso a Dani le servirían un vasito. Un culín, décadas en el sótano habrían dado fortaleza al vino. ¿Por qué no se volvían los hombres vigorosos con el tiempo, como ese vino?

\*\*\*\*\*

Javier y Dani pudieron ver como el viejo chocaba contra la valla y caía dolorosamente al suelo. Estaban demasiado lejos para oír sus quejidos.

— ¡Corre, papá, corre! ¡Que el abuelo se nos ha matado!

No hacía falta la advertencia, Javier resollaba y pedaleaba rogando por que el pronóstico del muchacho no se cumpliera. ¡Ay, Basi! ¡A ver quién la aguantaba después! Pobrecita...

El abuelo, tirado en entre los matorrales, en imposible postura, con la Orbea sobre su cuerpo, tan contrahecha como él, tenía los ojos abiertos, pero no respondía a las preguntas de su yerno y de su nieto. También pareció ajeno a las lamentaciones de su hija, que llegó poco después con el teniente, seguidos por una ambulancia, que acudió avisada por Javier.

- ¡Menos mal que existen los móviles! —Le había repetido tres o cuatro veces a Dani mientras daba cuenta a la operadora del servicio de emergencias del accidente y la derrota del caballero.
- Pues para los Reyes me podíais comprar el iphone... -Aprovechó la coyuntura, por si acaso. Lo normal es que su padre le regañara porque no se separaba de su telefonito, como lo llamaban en las novelas italianas. Su padre no contestó, acariciaba la mano de su suegro.

\*\*\*\*\*

La ambulancia se llevó a Manuel, acompañado por Basi. El maltrecho campeón repetía bajito: *no eran cíclopes, no eran cíclopes, no eran cíclopes*. Con tanta pena que a Basi se le empezaron a caer las lágrimas, y deseó por un momento vivir aún en el tiempo de los dragones.

Dani y Javier regresaron al pueblo en sus bicicletas. La del abuelo quedó tirada, un hierro viejo, que se iría oxidando junto a la valla metálica, hasta desaparecer entre la vegetación. El teniente se fue en busca del responsable del campo de aerogeneradores, lamentando su mala suerte, llegaría tarde a cenar, hoy que su Mari iba a freír bacalao, una vez más se lo tendría que comer cuando el rebozado hubiera perdido su delicioso crujir. ¡Y tener que oír a los parroquianos del bar quejarse de la Benemérita!

Manuel tenía una cadera rota, un hombro dislocado y un esguince en el tobillo. Estuvo una semana en el hospital y después fue trasladado a su cuarto, pero no a su cama, sino a una articulada que hubo que alquilar.

- No puedo asegurarle nada, señora —contestó el médico del hospital a Basi— cuando dieron de alta al abuelo-. A estas edades, tras semanas de reposo... Quizá no vuelva a caminar. Irá un enfermero todos los días a ponerle una inyección, un anticoagulante, para evitar accidentes cardiovasculares. Manuel tiene antecedentes, habiendo sufrido ya una embolia...

Manuel se resignó, se quedó en la cama, que no era ya la que compartió con su mujer. Donde él esperaba que le encontrara la muerte. Pero no se quejó, dejaba que su nieto diera a la manivela y le levantara la espalda o le alzara los pies. Escuchaba los consejos de su hija, aceptó que le pusieran el abominable televisor en su cuarto, y no preguntó por sus novelas, que habían desaparecido de los estantes que había sobre la cómoda.

# Accesit Narrativa

— Pareciera como si con el golpe hubiera recuperado la cordura, ¿verdad? —  
Comentaba Basi, intentando parecer satisfecha.

Su hijo Daniel tenía un horrible vacío en el estómago, como si hubiera perdido a su abuelo. Por esos días se acabó por el fin *El Quijote*, que ya podía dejar libremente abierto en cualquier lugar de la casa, porque el abuelo no salía de su cuarto.

*Como las cosas humanas no sean eternas, yendo siempre en declinación de sus principios hasta llegar a su último fin, especialmente las vidas de los hombres, y como la de don Quijote no tuviese privilegio del cielo para detener el curso de la suya, llegó su fin y acabamiento cuando él menos lo pensaba; porque, o ya fuese de la melancolía que le causaba el verse vencido, o ya por la disposición del cielo, que así lo ordenaba, se le arraigó una calentura que le tuvo seis días en la cama, en los cuales fue visitado muchas veces del cura, del bachiller y del barbero, sus amigos, sin quitársele de la cabecera Sancho Panza, su buen escudero.*

Acudía Dani a la cabecera de Manuel, queriendo ser fiel escudero, pareciéndole que la historia del Alonso Quijano, que leyó por orden del profesor de literatura, era también la de Manuel Quijada, que intentó honrosamente batallar con un ejército de ciclopes. Cuando le hacía compañía apagaba la tele, que su hija encendía cada mañana, para entretenerle, pero de cuyo parloteo incesante siempre molestó al anciano. Y cogió la costumbre de leerle, aunque nunca comentara nada el abuelo de esas lecturas. Libros gozosos de aventuras, muchos de los cuales se los había regalado el propio Manuel. Incluso las viñetas de Asterix le enseñaba.

No le leyó de *Don Quijote*, cuya muerte le había impresionado y le había dejado una aprensión que no se atrevía a confesar a nadie.

— ¡Ay! -respondió Sancho, llorando:- no se muera vuestra merced, señor mío, sino tome mi consejo y viva muchos años, porque la mayor locura que puede hacer un hombre en esta vida es dejarse morir, sin más ni más, sin que nadie le mate, ni otras manos le acaben que las de la melancolía. Mire no sea perezoso, sino levántese desa cama, y vámonos al campo vestidos de pastores, como tenemos concertado: quizá tras de alguna mata hallaremos a la señora doña Dulcinea desencantada, que no haya más que ver. Si es que se muere de pesar de verse vencido, écheme a mí la culpa, diciendo que por haber yo cinchado mal a Rocinante le derribaron; cuanto más, que vuestra merced habrá visto en sus libros de caballerías ser cosa ordinaria derribarse unos caballeros a otros, y el que es vencido hoy ser vencedor mañana.

— Señores -dijo don Quijote-, vámonos poco a poco, pues ya en los nidos de antaño no hay pájaros hogaño: yo fui loco, y ya soy cuerdo; fui don Quijote de la Mancha, y soy agora, como he dicho, Alonso Quijano el Bueno. Pueda con vuestras mer-

*cedes mi arrepentimiento y mi verdad volverme a la estimación que de mí se tenía, y prosiga adelante el señor escribano.*

*En fin, llegó el último de don Quijote, después de recibidos todos los sacramentos, y después de haber abominado con muchas y eficaces razones de los libros de caballerías. Hallóse el escribano presente, y dijo que nunca había leído en ningún libro de caballerías que algún caballero andante hubiese muerto en su lecho tan sosegadamente y tan cristiano como don Quijote; el cual, entre compasiones y lágrimas de los que allí se hallaron, dio su espíritu: quiero decir que se murió.*

Manuel murió una tarde cálida de finales de noviembre, vuelto por unas horas el sol del verano incendiando las pocas hojas que a los árboles les quedaban. Mientras Daniel leía *Cinco semanas en globo*:

*El aire era puro, el viento moderado; el Victoria subió casi perpendicularmente a una altura de 1500 pies, que fue indicada por una depresión de dos pulgadas menos dos líneas en la columna barométrica.*

*A esta altura, una corriente más fuerte condujo el globo hacia el suroeste. ¡Qué magnífico espectáculo se desarrollaba bajo los ojos de los viajeros! La isla de Zanzíbar se ofrecía enteramente a la vista y se destacaba, como sobre un vasto planisferio, en un color más oscuro.*

— Esa es la vida de verdad, Dani —interrumpió por primera vez el anciano. Aunque parezca locura —y sonrió. Cerró los ojos, después Dani acabó el capítulo. Y no supo en qué momento del vuelo sobre África su abuelo dejó de escuchar.

Después del funeral en casa de Basi y Javier se abrieron las botellas que quedaban de la primera cosecha de los viñedos de Manuel Quijada. Su hija protestó quedamente.

— Estoy seguro de que a tu padre le gustaría que lo despidiéramos así, mujer —contestó el marido, y desoyendo a Basi sirvió un vaso, mediado, a su hijo Daniel, que había acompañado al abuelo cuando se fue a la tierra donde habitan los ciclopes, los gigantes, Don Quijote y Sancho, Scaramouche, los piratas del caribe y hasta Plinio, policía de Tomeloso.

Más allá del alcance de la energía eólica que transformada en electricidad ilumina la realidad, apagando las sombras, desvelando los misterios, ocultando las luces de la imaginación.

# *Mención de Honra Narrativa*

---



## **RAMÓN NOCHE FRAGA**

Nado en Vilalba, Lugo, no ano 1978. De profesión profesor, actualmente no IES Xograr Afonso Gómez de Sarria. Lector contínuo. Asiduo dos libros de Roberto Bolaño, Salman Rushdie, Albert Camus... Tamén lector de novela negra. Tamén lector de novela zombi . Xuntaletras intermitente, entre a nada e o case que nada

# J.H.E.

Ramón Noche Fraga (*lema: Setarcos*)

---

## I

Era previsible que non houbese case niguén na presentación do libro do catedrático naquela sala sen iluminación natural cedida pola Deputación. Era previsible, si, pero co que ela xamais contara era con que o recentemente nomeado fillo ilustre da cidade Ireneo Ambasaugas non asistise el mesmo presentar a súa obra; e o que era aínda máis inimaxinable era que, en lugar de delegar tal responsabilidade na súa man dereita e perpetuo aspirante á cátedra Víctor León, estivera nunha solitaria posición fronte a un case deserto auditorio un simple bolseiro cuxo nome nin figuraba na pequena placa que lucía estoica e ridícula diante dun ridículo e estoico micrófono apagado. O nome apócrifo que alí figuraba era o do catedrático, inequívoco sinal de que cancelara a súa presenza a última hora.

Aquelo trastornaba o proxecto inicial da muller que agora se sentaba na última fila, matinando que facer e pensando secundariamente no que dirían os seus compañeiros cando lles dixera que, lamentablemente, a súa presa fuxira. Porque levaba semanas considerando así a Ireneo Ambasaugas. Como unha presa que ela debía cazar coa axuda dos demais membros do grupo no referente ao plan, pero soa no referente á execución. Era unha cazadora solitaria que agora miraba hipnotizada para o sitio que debería ter ocupado o seu obxectivo, mentres decidía que facer. Aquel triste bolseiro de voz monótona e lentes descomunais non pagaba a pena, pero quizais atacalo a el era unha maneira de atacar a obra do catedrático e ao catedrático en si. Tiña que decidilo antes de que comezara o turno de preguntas para os escasos asistentes.

O bolseiro, aparentemente alleo non só á desazón da muller vestida de negro que aparecería na sala un chisco tarde para sentar silenciosamente na última fila, senón a todo o que sucedía dez centímetros máis alá dos folios nos que tiña garabatadas unhas notas que servían de eixo ao seu parlamento, debullaba o contido dun libro que non era seu, aínda que con toda probabilidade habería nel moito do traballo del e de xente coma el, xente case anónima saída da Universidade directamente a uns cursos de doutoramento que atrasaban o confrontamento co mundo laboral e que tiñan que compaxinar con todo tipo de traballos e axudas para as vacas sagradas da tribu universitaria. Quizais pola suma de todas aquelas circunstancias a súa voz, por tonalidade e precisión lembraba a dun cirurxán, aínda que moitos dirían que un bo filólogo debe ter un toque de cirurxía para facer ben o seu traballo.

O libro que presentaba ao indiferente pero educadamente calado auditorio era unha obra sobre o próximo homenaxeado no día das Letras Galegas, Paulo Louzán. Constaba de doce capítulos. Os cinco primeiros estaban adicados respec-

Mención  
de  
Honra  
Narrativa

tivamente aos cinco poemarios que constituían a obra completa do autor e que le-vaban por título os cinco días da semana, de luns a venres.

Un sexto capítulo aventuraba a existencia dun poemario perdido que, baixo o título previsible de *Fin de semana*, supoña un corolario aos distintos eixos argumentais da obra anterior (infancia, adolescencia, compromiso, descontento e nostalxía) xirando arredor da morte. Neste capítulo barallábanse dúas posibilidades sobre o destino deste último poemario, unha especulaba que foi escrito pero non publicado, permanecendo áinda extraviado nalgunha parte, e outra xiraba en torno aos crecientes problemas de saúde do poeta que lle terían impedido poetizar sobre a morte para ser protagonista directo da mesma a unha idadeinxustamente tem- perá.

Dos restantes seis capítulos cinco consistían nunha análise de diversas temáticas a través de poemas concretos, tales como a paisaxe, o amor ou a familia, mentres que o último pretendía aportar unha serie de propostas didácticas para traballar a obra de Paulo Louzán en colexios e institutos, feito que demostraba que o autor da obra era plenamente consciente de cal sería o destino de boa parte dos exemplares do mesmo.

Aquel bolseiro insistía de cando en vez no carácter pioneiro da obra que estaba a presentar, e no seu papel fundamental para o coñecemento do gran pú-blico e dos especialistas dunha figura esquecida pero clave para entender a litera-tura das últimas décadas. Foi precisamente un último chamamento neste sentido, acompañado dunha cita directa tirada da introdución feita polo Conselleiro de Cul-tura, o punto e aparte da presentación, co que se abriu o turno de preguntas a un auditorio no que se rexistrara unha media de catro aplausos por asistente cando o bolseiro sen nome rematara cun "grazas" e un derradeiro grolo a unha botella de auga xa esmorecente.

Fíxose así un silencio e algunas das persoas comenzaron a se revolver nas cadeiras buscando os abrigos e os paraugas. A muller da última fila era consi-iente de que era o seu momento, pero non se decidía a pedir a palabra. Un par de xubilados xa abandonaban a sala con pasos que tentaban ser sixilosos sen con-seguilo. A muller pensou agora ou nunca. Pero non dixo nada. A presentación re-matou e todo o mundo foi saíndo agás o bolseiro, que se demorou recollendo as súas notas, e a muller que perdera a súa oportunidade, inmóbil na cadeira e coa frustración de ver como se lle escapara diante dos fuciños a peza de caza. Agora arrepentíase. Áinda que fose unha peza menor, non gostaba da perspectiva de ter que frustrar a confianza que depositaran nela os demás. Pero non era a súa culpa, se o maldito Ambasaugas estivera alí de seguro non escaparía.

Cando se decidiu a erguerse para marchar, non se decatou de que o bol-seiro tamén se dirixía cara á saída polo corredor, co que chocou contra el lixeira-mente, pero con impulso máis que suficiente para que as notas do improvisado orador caesen ao chan. Murmuriando unha desculpa mecánica a muller recolleu

algúns dos papeis con caligrafía tortuosa e subliñados en lapis e tendeullos ao bolseiro acompañánndoos dunha pregunta.

— ¿Como é que non veu o autor en persoas presentar o libro? — nese momento estaba a desaparecer a misericordia que lle inspirara aquel rapaz, substituída por un xélico desprezo e por unha ansia de axustar contas, aínda que xa non houbese un auditorio testemuña do seu golpe.

— Xa sabe... É un home ocupado.

O bolseiro contestara sen mirala aos ollos, cun tímido fío de voz. Pero a muller estaba decidida a levar algo que contar á xuntanza daquela noite, a demostrar que non perdera o tempo.

— ¿E vostede? ¿Tamén é un home tan ocupado coma o eminente catedrático? ¿Tanto como para non caer na conta de que Paulo Louzán non existiu e de que as súas obras tampouco?

O home mirouna co que ela pensou que era unha mestura de incredulidade ante o escoitado e temor ante a persoas que o dixeran. A través das lentes dous ollos escuros se prenderon nos dela.

— Non me mire así. Non estou sola nin lle vou facer nada. Ten vostede sorte de non ser o vello. O “fillo predilecto” que acaba de publicar unha obra sobre unha pantasma. De ser así hoxe tería sido descuberto diante dun pequeno auditorio e mañá, grazas a prensa local, toda a cidade sabería da estafa que é a obra; e pasado mañá, o país enteiro.

Aquel home permaneceu en silencio, sen dúbida debía de estar conmocionado polas palabras da muller, pero non a afastou a un lado para marchar, coma ela pensara que probablemente faría cando decidira asestar o golpe. Tomara esa decisión cando recollera do chan as follas, enfadada consigo mesma por non aproveitar a quenda de preguntas da presentación. Agora era tarde para lograr o efecto planeado, pero estaba decidida a non parar e a usar a aquel pobre bolseiro coma intermediario que lle levase as súas palabras e, sobre todo, o medo ao covarde catedrático que non aparecera.

— O meu nome é Francisca Herrera. Pertenzo a unha sociedade que, desde hai moitos anos, ten coma obxectivo desenmascarar as mentiras da cultura oficial galega. Somos a IHE, Irmandade de Homenaxeados Esquecidos. Non somos moitos pero somos plenamente conscientes de que temos a verdade do noso lado e estamos a piques de facer que vexta a luz.

Hai tempo que decidimos que o mellor xeito de descubrir a mentira era torpedeoando un dos seus mecanismos máis coñecidos: a parafernalia anual do día das Letras. Non podía ter sido doutro xeito. Debemos os nosos nomes aos home-naxeados nesas datas inzadas de actos institucionais ocos e previsibles que suponen un pálido paréntese entre toneladas de esquecemento alentadas, en boa medida, polos mesmos que manexan o asunto das letras coma se fosen unha especie de inquisidores, gardiáns da ortodoxia mesmo incluíndo de cando en vez al-

Mención  
de  
Honra  
Narrativa

gunha voz discordante na listaxe de homenaxeados.

Eu son Francisca Herrera pola escritora homenaxeada en 1987 para ser inmediatamente esquecida sen deixar máis rastro que algúns murais escolares e un par de liñas nas hemerotecas. Non che direi o nome dos meus compaíñeiros, pero podes atopalos facilmente: Lorenzo Varela, Armando Cotarelo, Gonzalo López, Eladio Rodríguez, Luis Amado, e algúns outros máis...

Aposto a que nin ti, con todos os teus anos de estudos de Filoloxía, podes ordenar a estes escritores segundo o ano no que foron lembrados no día das Letras. Conviven nas listas de enciclopedias e murais escolares cos pesos pesados, cos sagrados que ninguén esquece, pero que ninguén le. Tamén tivemos o noso propio Castelao ou a nosa propia Rosalía, pero decidimos romper tamén cos tótems para e centrarnos exclusivamente nos marxinados da listaxe, no Terceiro Estado dos homenaxeados.

As primeiras accións da nosa irmandade consistiron en mesturar os retratos dos homenaxeados esquecidos cos que aparecen continuamente na cidade: políticos, músicos, actores... Alugamos un deses espazos publicitarios que gravitan en torno ás rotondas de acceso e saída. Acompañabamos a foto do homenaxeado cun lema publicitario inventado ou cun simple "Vota Martín Sarmiento." Ningún reparou en nada raro, nin sequera houbo quen considerase estranxo que houbera un candidato ao Parlamento europeo cun gravado por retrato no que figuraba un simpático ancián vestido con hábito bieito e acompañado dun grosso libro. O noso Eladio Rodríguez mesmo dixo que fora a presenza do libro, sumada ao rostro amable do monxe, o que xenerara a suficiente confianza na xente para obter arredor de cento cincuenta sufraxios, bastante máis que algún candidato real.

Abandonamos a nosa primeira estratexia de denuncia cando constatamos que non servía para os nosos fins. Nós eramos os únicos que sabíamos o sentido de todo aquelo. Contabamos saír nos xornais e usar a polémica para as nosas reivindicacións culturais, pero non obtivemos máis ca silencio e unha morea de cartos investidos en paneis publicitarios. Tivemos pois que abandonar esa iniciativa por algúna outra máis incisiva e máis barata.

Por iso apostamos por algo que nos permitiría cubrir máis espazo e a un custe praticamente de cero. Enchemos as paredes de citas dos homenaxeados esquecidos con *spray* de cor azul celeste. Actuabamos de noite, en parellas ou en grupos de tres para vixiar mellor a posible chegada da policía municipal. Con frecuencia atopabamonos con *graffiteiros* expertos e curtidos en mil muros malia a súa idade. Rapaces e rapazas vestidos con prendas amplas de algodón que nos miraban raro, desconfiando e fuxindo ao principio por se eramos da policía secreta; mais non tardaron en afacerse a nós. Lembro que unha noite un deles me deu varios consellos para mellorar as nosas torpes frases, e tamén me dixo que era imprescindible que tivesemos unha sinatura para darnos a coñecer no mundo underground da noite e no mundo normal do día. Foi así como comezamos a asinar

as frases anotando *I. H. E.* cunha grafía que enlazaba as tres letras nalgas semellante a unha espiral.

Pero, fóra dos *graffiteiros*, dos que mesmo algúns foi visto buscando un libro de Valentín Lamas Carvajal na biblioteca pública, ou alomenos eso asegura o noso López Abente, tampouco obtivemos o resultado agardado: nin unha mención na prensa, nin un segundo no telexornal... nada.

Por iso decidimos dar o gran salto, se non conseguíamos chamar a atención cos homenaxeados esquecidos, tiñamos que facer algo áinda máis espectacular: crear o noso propio escritor para que fose homenaxeado e despois esquecido. Así foi como naceu Paulo Louzán.

Escollemos o nome abrindo ao azar dúas vellas guías de teléfono de dúas localidades distintas e distantes. Nunha escollimos o apellido e noutra o nome. Houbo certo debate sobre a denominación do que o noso Valentín Lamas chamou mentres non había acordo o golem, pero o que causou máis traballo foi deseñarlle toda unha vida. As vidas, mesmo as más anónimas e vulgares, deixan unha complexa pegada formada por papeis oficiais no rexistro civil, diplomas de estudos, historiais médicos, fotografías e mesmo algúns mencións na prensa por este ou outro motivo. Tivemos que artellar todo iso. Malia que algún dos nosos sostiña que o mellor era presentar a Paulo Louzán coma o superviviente estranxeiro dun naufraxio que comeza unha nova vida na terra onde o cuspíran as ondas dunha tempestade benevolente no último instante, sen vida anterior e polo tanto cun notable aforro de tempo e cartos no tocante á documentación, a opinión maioritaria foi que debíamos construír por completo a súa identidade. Deste xeito sería máis flagrante e grotesco o erro da *intelligentsia* cultural e, polo tanto, maior o escarnio.

Así, o proceso foi lento. Pouco a pouco tecemos unha existencia máis documentada que a do ciudadán medio deste país. Paulo Louzán ten desde unha foto de bautizo a un historial na Xefatura Provincial de Tráfico con dúas multas por exceso de velocidade; desde un expediente académico que reflicte uns resultados notablemente mellores en ciencias ca en letras a un carnet de militante nun pequeno partido trotskista na clandestinidade. Hai fotos da súa voda, e pódese consultar tamén a súa necrolóxica nas hemerotecas. Todas son unhas falsificacións de categoría, nada de chapuzas, pero do que estamos máis orgullosos, por suposto, é da súa obra poética.

Son cinco libros aos que chamamos na Irmandade o Pentateuco. Foi todo un desafío porque tratábbase de facer unha obra coherente en tanto que presentase unha evolución críble entre os poemas de xuventude e os poemas de madurez. Había que atopar unha voz, o cal é moito máis complexo que garabatear cento trinta e oito poemas. Ao principio algún dos membros do grupo considerou que sería máis aconsellable crear unha obra narrativa ou dramática, ou mesmo continuar co proxecto da obra poética, pero simplificándoa e reducindo o número de

*Mención  
de  
Honra  
Narrativa*

libros. Pero finalmente decidimos non escatimar na vertente literaria da nosa creación, que a fin de contas era o que tería unha maior visibilidade cando lle concederan o día das Letras. Porque dunha cousa estabamos absolutamente seguros; antes ou despois sería un deses autores chamados a ser homenaxeados para logo ser esquecidos, mais desta vez non habería oco para esquecemento algúin.

A nosa plena convicción no éxito da obra literaria de Paulo Louzán non se asentaba noutra cousa que non fosen os méritos da súa poesía, que en realidade non era súa, senón unha tradución e adaptación dun poeta chinés de segunda fila en vida e sepultado literaria e literalmente a raíz da revolución cultural. Zhou Xun soamente foi traducido ao ruso, nunha especie de burla dun Brezhnev saturado do complexo de superioridade comunista ao goberno de Beijing, que conseguira a plena eliminación da obra do poeta agás por unha maletín que chegou a Vladivostok da man dun axente soviético que se resistía a voltar á U.R.S.S coas mans baileiras tras fuxir das purgas maoístas.

O maletín do axente tomou o transiberiano en dirección Moscova mentres o axente foi destinado a un nada envexado posto burocrático nalgún remoto escritorio dalgunha insignificante oficina perdida en Siberia oriental. Del si que se esqueceu totalmente o nome, pero Zhou Xun tivo unha segunda vida na versión rusa da súa obra completa, cinco libros cos cinco días da semana por título. Malia esta segunda oportunidade, os poemarios non tiveron moita consideración e languardecen en vellas edicións en vellas librerías. Pero o noso Pintos atopou os cinco libros nun minúsculo establecemento de Volgogrado, cando viaxou a esta cidade, romántico coma o seu homenaxeado esquecido homólogo, para ver os restos de metralha nalgúns edificios, a chama conmemorativa do Mamaev Kurgan e o fusil co que Zaitsev contribuíu a deter o avance alemán ás beiras dese río que é coma un segmento mariño, metálico e immisericorde.

Adaptamos a obra en ruso do poeta chinés buscando que encaixase na longa noite de pedra da posguerra en Galicia. E encaixou coma un zapato gastado. Por suposto que hai cousas que poderían alertar aos lectores máis atentos, como certa dimensión mística de corte confuciano ou algunas referencias xeográficas que difícilmente se poderían atopar en Galicia, pero a linguaxe poética, a voz que conseguimos é netamente nosa. Tivo que sobrevivir a revolución da revolución dun país, cruzar fronteiras e a vasta estepa sen fin. Tivo que chegar a unha librería nas portas do Cáucaso que realmente foran unha vez as portas do inferno na guerra. Tivo que ser traducida e adaptada pola nosa Irmandade de Homenaxeados Esquecidos. Tivo que ser descuberta unha vez máis pola crítica oficial do país e valorada para concederlle ao seu imaxinario autor o galardón póstumo máis grande das nosas letras, pero aí está. O máis verdadeiro dun engano maxistral que fará saltar polos aires a cultura de Galicia.

Cando fagamos público os detalles da nosa pantomima, non quedará títere con cabeza en ningunha das institucións que xestionan a cultura e reparten

as consideracións de boa ou mala literatura, que pontifican, canonizan e demonizan. Haberá que comezar de cero e ese será un mérito dos Homenaxeados Esquecidos. As nosas mentiras serán o esterco necesario para que agrome a verdade e a literatura quede liberada dos corsés establecidos por xente coma Ireneo Ambasaugas, o especialista ao que eu ía desfacer no turno de preguntas da presentación do seu erudito libro sobre unha pantasma... Pero non acudiu e teremos que empregar outros mecanismos como acudir aos medios e enviarles todas as probas da nosa maxistral representación.

E agora xa sabe vostede suficiente. Debo marchar, pois esta noite temos unha xuntanza da Irmandade de grande importancia. O noso plan está a piques de cristalizar tras moito tempo de preparación, tanto que moitos non contaban con ver en vida un día das Letras adicado ao noso Paulo Louzán e mesmo houbo algúen entre nós que levaba tempo suxerindo destapar a nosa creación sen agardar máis polo recoñecemento oficial, para abraiar a todos co deseño dun escritor ficiticio cunha obra a medias real. Pero agardamos, agardamos e agardamos e chegou finalmente a nosa hora.

Supoño que o seu papel na obra de Ambasaugas é mínimo, coma o de multitude de bolseiros más, lexión de esforzadas formigas ao servizo dunha única raíña. Por iso sairán sen demasiados danos de todo o rebumbio que se vai armar. Mesmo quizais sexa vostede un dos chamados a comezar de cero o estudio da nosa literatura; se é así deséolle sorte e téndolle a miña man antes de dicirlle adeus.

## II

O bolseiro correspondeu ao educado xesto da muller cunha man firme mais con modos suaves. Cando ela xa a retiraba e se xiraba con aire de triunfo para marchar, a voz do rapaz soou segura e decidida, tanto que non se recoñecía nela o fío monótono que empregara para a presentación da obra do catedrático. Era unha voz que posuía unha cadencia rítmica e grave, propia dun vello mestre que reprende a un alumno pouco aventaxado.

— Perdería vostede a aposte. A orde cronolóxica na que se lembrou no día das Letras Galegas aos escritores nomeados por vostede é, de máis antigo a máis recente: Gonzalo López Abente, Luis Amado Carballo, Armando Cotarelo Valledor, Eladio Rodríguez e Lorenzo Varela. No seu interesante discurso tamén mencionou a Valentín Lamas Carvajal, que desprazaría a Luis Amado Carballo do segundo posto na listaxe que acabo de enumerar e a Xoan Manuel Pintos, que se colocaría terceiro na actualización da listaxe. Por suposto tamén falta vostede, Francisca Herrera Garrido, homenaxeada en 1987, un ano antes que Ramón Otero Pedrayo.

Non deixa de ser curioso que dona Francisca fose a primeira muller en ingresar na RAG e vostede a primeira muller da Irmandade dos Homenaxeados

*Mención  
de  
Honra  
Narrativa*

Esquecidos. Ten moito mérito engadido, dado o feito de que o día das Letras non recoñeceu ata agora máis que a tres mulleres. Rosalía de Castro foi o primeiro día das Letras, e foi tamén a única muller na Irmandade ata a chegada de vostede. Fora unha das fundadoras da sociedade secreta e o seu verdadeiro nome era Emilia Pardo, o cal non deixa de ter certo encanto paradóxico. Rexentaba unha axencia de viaxes e fundou a sociedade unha tarde de domingo no café Colonial xunto co xornalista Alberto Vilares e o deseñador gráfico Manuel Vázquez, máis coñecidos dentro da Irmandade como Castelao e Pondal respectivamente. Rosalía propuxera o nome de Irmandade de Homenaxeados Esquecidos en parte pola previsible ampliación do grupo a autores menos famosos das nosas letras e en parte para chamar a atención sobre o escaso coñecemento da obra dos tres primeiros protagonistas dos tres primeiros días das Letras Galegas.

Aínda tardaron algúns tempo en ir abrindo a sociedade a amigos e coñecidos interesados no mundo da lingua e da literatura desde distintas perspectivas, pero mesmo cando eran un grupo de tres amigos que tomaban café e falaban de libros xa apareceran as primeiras tensións. Eran tres temperamentos fortes e en moitos aspectos opostos frontalmente, especialmente o de Castelao e Pondal, cousa que a min non me sorprende se temos en conta a vida e obra dos referentes reais. A cousa complicouse cando Pondal e Rosalía se converteron en marido e muller, algo que o terceiro membro fundador tomou moi mal por algúns asuntos pendente.

Por iso a historia que me conta vostede sobre a decisión consciente de abandonar os pseudónimos máis coñecidos das figuras do día das letras é máis ben apócrifa. Os tres fundadores deixaron de pertencer á sociedade, que quedou así en mans dunha segunda xeración á que pertence vostede e que foi a artífice da campaña electoral de Martín Sarmiento, que non pasou tan desapercibida como vostede cre.

A Irmandade decide mudar de estratexia e pasar ao mundo dos *graffiti* sobre todo polo papel underground promovido por Francisco Añón, persoa que entrou na sociedade ao mesmo tempo ca vostede e deliberadamente omitido na súa narración porque non o pode ver diante. Non entrarei nos motivos da súa animadversión, pero o certo é que ainda pensa que a idea de Añón non tiña ningún sentido e que estaba condenada ao fracaso, por iso a súa boca deixaba traslucir un sorriso curvo coma unha gadaña cando relatava as experiencias da I.H.E co spray.

Non me resisto a facer unha somera análise das súas estratexias, posto que comezaron pola configuración dunha iconografía paralela empregando mecanismos tradicionais na campaña electoral do monxe, e despois abandonaron os cauces establecidos para experimentar coas pintadas nas paredes desde unha óptica que se podería achegar ao expresionismo, para rematar co que se axusta claramente coa definición de *performance*: a creación dunha persoa. Non me deterei

a trazar as quizais máis que pertinentes comparativas co Frankenstein de Shelley ou con determinados mitos de creación indo-europeos, pero é indubidable que as súas iniciativas constitúen unha especie de resumo dalgúns dos puntos clave da evolución da Arte ao longo da historia.

Deteñámonos en Paulo Louzán. Vostede alabou a perfección da súa creación, distingindo por unha banda a dimensión humana, impecable no que se refire ao variado e prolixo respaldo documental do seu golem, déixeme empregar ese termo tan centro-europeo que nos remite ao barrio xudeu de Praga e, por ende a Kafka. Por outro lado subliña vostede a creación dunha obra poética á altura do proxecto subversivo da Irmandade, baseada na adaptación e recreación da obra dun poeta chinés inicialmente traducido ao ruso no marco dos xogos de poder entre as dúas principais potencias do mundo socialista.

As dúas guías telefónicas de localidades distintas e distantes, segundo as súa propias palabras, pertencen a Samos e a Oviedo que, se ben distan entre si entre 260 e 300 kilómetros en función da ruta que se escolla, teñen como chamarro trazo común a existencia de mosteiro bieitos en ámbolos dous, feito que considero unha homenaxe da Irmandade de Homenaxeados Esquecidos a Martín Sarmiento.

Trazar unha historia vital en torno a Paulo Louzán foi unha demostración de grande enxeño e pericia por parte da Irmandade. As voces discordantes ás que vostede alude sen dar nomes e que apostaban por simplificar a posta en escea da personaxe, por facer menos complexa a súa obra literaria e mesmo por non respectar os prazos establecidos na planificación orixinal, non foron moitas. Practicamente non houbo máis ca unha. Vostede. Podería interpretarse a súa actitude como de cansanzo ou mesmo fasquío da historia de Paulo Louzán, algo que sería comprensible se temos en conta que o traballo máis arduo do papeleo recaeua nas súas mans dado o seu traballo no Rexistro Civil e o seu privilexiado coñecemento dos camiños e dos atallos da burocracia. A súa pericia é tal que podería semellar as vidas fícticias de dous ou tres Paulos Louzán en pouco máis dunha mañá. Pero a súa actitude non obedeciu a nada relacionado co volume de papeis oficiais que tivo que sacar do sombreiro, non. O seu desencanto crecente provén de que, do mesmo xeito que os tres creadores da Irmandade foron desprazados por xente coma vostede, agora a súa quinta está sendo obxecto do mesmo impulso centrífugo diante da savia nova.

¿Non é curioso que en todo o seu parlamento non mencionase nin unha soa vez á estrela en ascenso da Irmandade dos Homenaxeados Esquecidos, ao seu grande referente nestes días? Refírome, coma vostede ben sabe, a María Mariño. A terceira muller da Irmandade e, se os nosos académicos non o remedian aplicando un pouco de discriminación positiva en futuras edicións do Día das Letras, a derradeira.

María Mariño, ou María Martínez na súa vida de diario, era cando ingre-

*Mención  
de  
Honra  
Narrativa*

sou no grupo unha muller nova na que todos inconscientemente a vían a vostede anos atrás. As súas primeiras tentativas foron de achegamento para adoptar á nova, e facela ainda máis á súa imaxe e semellanza, para que en lugar dun motivo de competencia fose un respaldo á súa posición e á da súa xeración, cada vez máis tambaleante. Recurriu por suposto a certa retórica feminista e tamén ao ensalzamento da supremacía da experiencia, como tería feito un mestre diante dun aprendiz no mundo gremial, pero María Mariño non estaba disposta a aceptar ningunha supervisión nunha Irmandade que, nos seus principios fundamentais, apostaba pola absoluta igualdade de todos e cada un dos componentes dos Homenaxeados Esquecidos, sen esas xerarquías que lastran toda institución humana e da que a súa sociedade tampouco escapou.

